

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DA MERCA

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO MUNICIPAL DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

Anuncio de aprobación definitiva

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio do Regulamento municipal da xestión do ciclo integral da auga do Concello da Merca, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local.

“Regulamento municipal da xestión do ciclo integral da auga do Concello da Merca

Título I. Disposicións xerais

Capítulo primeiro. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Natureza e ámbito de actuación

Artigo 3. Normas xerais

Artigo 4. Partes

Artigo 5. Obrigatoriedade de cumprimento do regulamento

Artigo 6. Interpretación do regulamento

Artigo 7. Vixencia do regulamento

Artigo 8. Xurisdición competente

Artigo 9. Información, reclamacións e queixas

Capítulo segundo. Obrigacións e dereitos

Artigo 10. Obrigacións da entidade titular dos servizos

Artigo 11. Obrigacións da entidade xestora dos servizos

Artigo 12. Dereitos e facultades da entidade xestora

Artigo 13. Obrigas das persoas abonadas

Artigo 14. Dereitos das persoas abonadas

Capítulo terceiro. Condicións xerais dos servizos.

Artigo 15. Obrigatoriedade dos servizos públicos do ciclo integral da auga (conexión e prestación)

Artigo 16. Ampliación e modificación das redes municipais

Artigo 17. Desenvolvemento urbanístico

Artigo 18. Acceso aos servizos públicos



Capítulo cuarto. Condicións xerais das conexións aos servizos.

Artigo 19. Condicións de autorización de acometidas

Artigo 20. Unidades de edificación

Artigo 21. Tramitación da solicitude de acometida

Artigo 22. Denegación de conexión

Artigo 23. Execución das acometidas

Artigo 24. Modificación de acometidas por variación das condicións iniciais de solicitude

Artigo 25. Posta en servizo da conexión

Capítulo quinto. Contratación dos servizos.

Artigo 26. Solicitude de contratación dos servizos do ciclo integral da auga

Artigo 27. Causas de denegación do contrato de servizos do ciclo integral da auga

Artigo 28. Contido do contrato de servizos do ciclo integral da auga

Artigo 29. Titulares do contrato de servizos do ciclo integral da auga

Artigo 30. Obxecto e alcance do contrato de servizos do ciclo integral da auga

Artigo 31. Duración do contrato de servizos do ciclo integral da auga

Artigo 32. Cláusulas especiais nos contratos de servizos do ciclo integral da auga

Artigo 33. Altas, reenganches e baixas nos servizos do ciclo integral da auga

Artigo 34. Causas de suspensión

Artigo 35. Procedemento de suspensión

Artigo 36. Extinción e resolución do contrato

Título II. Servizo público de abastecemento de auga potable

Capítulo primeiro. Definición do servizo público

Artigo 37. Sistema de subministración e distribución de auga potable

Artigo 38. Modalidades do servizo público de abastecemento de auga

Capítulo segundo. Prestación do servizo público

Artigo 39. Prohibicións na utilización do abastecemento

Artigo 40. Características das acometidas da subministración de auga potable

Artigo 41. Instalacións interiores da subministración de auga

Artigo 42. Fugas nas instalacións interiores da subministración de auga potable

Artigo 43. Presión das acometidas

Artigo 44. Acometidas provisionais de subministración de auga para obras

Artigo 45. Subministracións para servizo contra incendios en instalacións interiores

Artigo 46. Obras non municipais de carácter público

Artigo 47. Restricións e suspensións temporais da subministración de auga potable

Artigo 48. Subministración de auga de consumo humano con camión cisterna



Capítulo terceiro. Contadores

Artigo 49. Obrigatoriedade de uso do contador

Artigo 50. Características técnicas dos aparellos de medida

Artigo 51. Instalación dos contadores

Artigo 52. Mantemento do contador

Artigo 53. Verificación e precintado

Artigo 54. Solicitude de verificación

Artigo 55. Colocación e retirada de contadores

Artigo 56. Cambios de situación

Artigo 57. Manipulación do contador

Artigo 58. Substitución de contadores

Capítulo cuarto. Lecturas, consumos e facturacións

Artigo 59. Lectura de contadores

Artigo 60. Determinación dos consumos facturables

Artigo 61. Imposibilidade de lectura

Artigo 62. Consumos públicos

Título III. Servizo de saneamento e depuración de augas residuais

Capítulo primeiro. Definición do servizo público

Artigo 63. Normas xerais

Artigo 64. Finalidades

Artigo 65. Persoas usuarias do servizo público de saneamento

Artigo 66. Elementos materiais do servizo

Artigo 67. Condicións técnicas da rede de saneamento

Artigo 68. Xestión das instalacións públicas. Principio de continuidade do servizo

Capítulo segundo. Prestación do servizo público

Artigo 69. Obrigas específicas do servizo de saneamento e depuración de augas residuais

Artigo 70. Conexión á rede de saneamento e depuración. Acometidas

Artigo 71. Acometidas de pluviais

Artigo 72. Execución de instalacións interiores. Bombeo de augas residuais

Capítulo terceiro. Vertidos de augas residuais

Artigo 73. Finalidade do control de vertidos

Artigo 74. Persoas usuarias obrigadas a solicitar permiso de vertedura

Artigo 75. Prohibicións e limitacións

Artigo 76. Garantía de altura e caudal

Artigo 77. Permiso de vertedura



Artigo 78. Solicitude do permiso de vertedura

Artigo 79. Procedemento para a obtención do permiso de vertedura

Artigo 80. Contido do permiso de vertedura

Artigo 81. Revisión do permiso de vertedura

Artigo 82. Revogación do permiso de vertedura

Artigo 83. Dispensa do permiso de vertedura

Artigo 84. Tratamento previo á conexión. Instalacións de pretratamento

Artigo 85. Censo de verteduras á rede municipal de saneamento

Artigo 86. Verteduras non canalizadas

Artigo 87. Situacións de emerxencia

Artigo 88. Inspección e control das verteduras

Artigo 89. Autocontrol das verteduras

Artigo 90. Cuantificación de caudais do servizo

Título IV. Prestacións patrimoniais públicas

Artigo 91. Principios xerais

Artigo 92. Natureza da prestación patrimonial pública

Artigo 93. Obxecto e periodicidade da facturación

Artigo 94. Recibos ou facturas

Artigo 95. Servizos inherentes aos servizos do ciclo integral da auga

Artigo 96. Forma de pagamento dos recibos e outros servizos específicos

Artigo 97. Canons por investimentos

Título V. Infraccións, sancións, medidas correctoras e danos causados

Capítulo 1. Xestión de fraudes

Artigo 98. Inspección dos servizos e procedemento de xestión de fraudes

Artigo 99. Fraudes no servizo de abastecemento de auga

Artigo 100. Liquidación por fraude no servizo de abastecemento de auga

Artigo 101. Fraudes no servizo de saneamento e depuración

Artigo 102. Liquidación por fraude no servizo de saneamento e depuración de augas residuais

Capítulo 2. Infraccións e sancións

Artigo 103. Réxime xurídico

Artigo 104. Tipificación das infraccións

Artigo 105. Cuantificación das sancións

Artigo 106. Medidas cautelares

Artigo 107. Valoración de danos



Disposición transitoria primeira. Adecuación de instalacións a este regulamento

Disposición transitoria segunda. Fugas

Disposición final primeira. Emisión de normas posteriores á presente ordenanza

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Anexo I. Solicitud do permiso de vertido á rede pública municipal de saneamento

Título I. Disposicións xerais

Capítulo primeiro. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto

1. O presente regulamento ten por obxecto establecer as condicións xerais de prestación dos servizos do ciclo integral da auga (en diante CIA) no municipio da Merca cuxa competencia corresponde ao Concello da Merca en virtude do artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, do 80.2.I) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e do 27 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia; así como regular as relacións xurídicas entre a entidade xestora dos servizos e as persoas abonadas ou usuarias desta (deberes e obrigas de cada unha das partes, así como recoller o ámbito de aplicación das prestacións patrimoniais e o réxime de infraccións e sancións).

2. Así mesmo, é obxecto e define o interese público deste regulamento protexer a saúde pública e a calidade de vida dos usuarios, a calidade ambiental e sanitaria das augas do municipio, así como as instalacións adscritas aos servizos do CIA.

3. O CIA comprende un conxunto de actividades que conforman os seguintes servizos:

- a) Servizo de subministración de auga potable.
- b) Servizo de saneamento e depuración de augas residuais do sistema.

As ditas actividades son as seguintes:

a) O abastecemento de auga en alta ou adución, que inclúe a captación, alumeamento de augas subterráneas e encoro dos recursos hídricos e a súa xestión, incluído o tratamento de potabilización, o transporte por arterias principais e o almacenamento en depósitos reguladores de cabeceira.

b) A subministración da auga en baixa ou distribución, que inclúe o almacenamento intermedio e a subministración de auga potable ata as instalacións propias para o consumo por parte das persoas abonadas finais.

c) A recollida de augas residuais ou da rede de sumidoiros dos núcleos de poboación a través das redes municipais ata o punto de interceptación cos colectores xerais.

d) A interceptación e transporte das augas residuais a través dos colectores xerais.

e) O tratamento e depuración das augas residuais.

f) A condución do efluente ao medio receptor.



Artigo 2. Natureza e ámbito de actuación

1. O Concello da Merca é titular dos servizos do CIA e prestaraos de acordo co definido e preceptuado no Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e na forma de xestión que determine o Pleno Municipal.

2. Os servizos do ciclo integral da auga teñen a condición de servizo público, polo que teñen dereito a utilizalos cantas persoas físicas ou xurídicas o soliciten, sen outras limitacións e obrigacións que as impostas polo presente regulamento, ou por aquelas outras que aprobe o Concello e, en xeral, pola lexislación que resulte de aplicación.

Os servizos, dada a súa natureza xurídica, de acordo co artigo 34 do Regulamento de servizos das corporacións locais, en relación co 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, son de recepción obrigatoria para as persoas abonadas ou usuarias, de acordo co artigo 15 previsto neste regulamento.

3. Os servizos do CIA préstanse pola entidade xestora do servizo na área de cobertura das instalacións existentes en cada momento de abastecemento de auga e rede de saneamento e depuración de augas residuais, dentro do termo municipal da Merca, sen prexuízo de que a entidade xestora do servizo poida subministrar auga a outras entidades ou verter ou recibir augas residuais destas mediante os correspondentes acordos ou convenios asinados entre os entes implicados, conforme co disposto neste Regulamento.

Artigo 3. Normas xerais

1. Os servizos do ciclo integral da auga axustaranse a canto establece o presente regulamento, ao estipulado no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico das edificacións e os documentos básicos que o integran, especialmente o correspondente a salubridade HS-4, subministración de auga e HS-5, evacuación de augas que se refiren principalmente a instalacións interiores, e ao preceptuado nas ordenanzas municipais.

2. En canto á normativa estatal axustarase ao establecido no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, na Directiva marco da Comisión Europea da Auga 2000/60/CE, no Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, polo que se desenvolve o Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento de augas residuais urbanas, no Real decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios para a calidade da auga potable, o seu control e subministración, no Real decreto 487/2022, do 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

3. En canto á normativa autonómica axustarase ao establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, ao Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia e á Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.



4. As características técnicas dos elementos e a execución das instalacións da rede xeral e das acometidas ás parcelas, edificios, vivendas, locais ou industrias axustarase, ademais, ao Plan xeral ordenación municipal da Merca PXOM vixente (BOP 29-08-2003). Complementariamente atenderase ás ordenanzas municipais do Concello da Merca e ás instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia (ITOHG) elaboradas por Augas de Galicia ou á normativa que a substitúa.

5. En ningún caso poderán prestarse os servizos do ciclo integral da auga con carácter gratuíto.

Artigo 4. Partes

1. Considérase entidade titular do servizo ao Concello da Merca ou ben, consorcio, mancomunidade ou entidade supramunicipal da administración pública a quen o Concello transmitira ou delegara total ou parcialmente as súas competencias nos servizos do CIA.

2. No presente Regulamento denomínase persoa abonada á persoa física ou xurídica que sexa titular dun contrato ou póliza de calquera dos servizos do ciclo integral da auga e/ou dunha autorización de vertedura receptora.

No servizo de saneamento e depuración de augas residuais, usuario será equivalente a abonado.

3. Do mesmo xeito, considérase entidade xestora do servizo á persoa física ou xurídica, que realiza a explotación ou xestión, prestación dos servizos e mantemento e conservación de infraestruturas relacionadas co CIA no municipio da Merca.

Se a xestión dos servizo é directa, a xestora do servizo é o Concello da Merca a través dos seus servizos municipais, ou ben, de forma desconcentrada, mediante personalidade xurídica (entidade pública empresarial local ou sociedade mercantil local de capital público).

No suposto dos servizos de saneamento e de depuración de augas residuais, ademais do Concello da Merca, xa sexa a través dos seus servizos municipais ou de forma desconcentrada, a xestora do servizo poderá ser a administración pública que teña encomendada a xestión do servizo de acordo co disposto nos artigo 26 e 27 da Lei 9/2010, de augas de Galicia, segundo estipula o artigo 4.j) do Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

Se a xestión dos servizos é indirecta, dependerá do servizo público:

a) Servizo de abastecemento de auga: se a contratación da prestación do servizo se realiza en réxime de concesión ou sociedades de economía mixta, a xestora do servizo é a persoa concesionaria; e se se realiza mediante o contrato de servizos do artigo 312 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sería a persoa adxudicataria.

b) Servizo de saneamento: a xestora do servizo é a administración pública que teña encomendada a xestión do servizo de acordo co disposto nos artigo 26 e 27 da Lei 9/2010, de augas de Galicia, segundo estipula o artigo 4.j) do Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

c) Servizo de depuración de augas residuais: a xestora do servizo é a administración pública que teña encomendada a xestión do servizo de acordo co disposto nos artigo 26 e 27 da Lei 9/2010, de augas de Galicia, segundo estipula o artigo 4.j) do Decreto 141/2012, do 21 de xuño.



4. Xa sexa o titular da subministración como a xestora do servizo deberán cubrir a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo a correspondente póliza de seguro.

Artigo 5. Obrigatoriedade de cumprimento do regulamento

As persoas abonadas e a entidade xestora do servizo quedan obrigadas a cumprir todas as cláusulas e condicións do presente regulamento.

Artigo 6. Interpretación do regulamento

As dúbidas ás que poida dar lugar a aplicación do presente regulamento interpretaraas o Concello da Merca en primeira instancia e, se é o caso, os organismos competentes con plena potestade para tal fin. No suposto de interpretación por parte do Concello, esta facultade corresponderalle á Alcaldía ou órgano en quen delegue, previo informe dos servizos técnicos.

Artigo 7. Vixencia do regulamento

1. O presente regulamento terá vixencia indefinida, en tanto en canto non resulte modificado, total o parcialmente, polo órgano competente do Concello da Merca, ou disposición normativa posterior de igual ou superior rango.

2. O Concello da Merca poderá en todo momento modificar de oficio o presente regulamento, polos mesmos trámites seguidos para a súa aprobación, e previo o informe non vinculante da entidade xestora do servizo, se é o caso. Este informe deberá emitirse no prazo dun mes. Unha vez transcorrido este prazo sen emisión do informe, entenderase como favorable. As novas disposicións serán aplicables, sen excepción, a todas as persoas abonadas, atendendo, non obstante, ao principio de irretroactividade das normas que establece o artigo 9.3 da Constitución española.

Artigo 8. Xurisdición competente

1. Contra o obxecto do recurso de reposición, contra a resolución deste ou contra ambos á vez poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano e nos prazos previstos na Lei reguladora da dita xurisdición.

O prazo para interpoñelo será de dous meses, salvo que por lei se estableza outro prazo, contado dende a notificación do acordo resolutorio do recurso de reposición se é expreso e, se non o fora, o prazo será dun ano, contado dende a data de interposición do recurso de reposición.

2. No obstante, cando se susciten cuestións que estean tipificadas no Código penal, a entidade porao en coñecemento da xurisdición penal.

Artigo 9. Información, reclamacións e queixas

1. A persoa titular do contrato do servizo poderá obter do Concello calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros e prestacións patrimoniais públicas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada cos servizos do ciclo Integral da auga, así como aqueles servizos específicos.

2. A entidade xestora do servizo deberá levar un libro de reclamacións, debidamente dilixenciado polo titular do servizo, que estará a disposición das persoas abonadas ou usuarias.

Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra o que considere calquera anomalía no funcionamento dos servizos do ciclo integral



da auga ou ben contra o persoal da entidade xestora do servizo, farao mediante escrito dirixido ao Concello da Merca.

As reclamacións serán formuladas pola titular do contrato ou persoa que a represente legalmente (achegará autorización do titular do contrato) e deberán incluír nome e NIF do titular do contrato e, no seu caso, do representante, dirección do servizo, datos de contacto, así como o obxecto da reclamación. No caso de que a reclamación sexa presentada por outra persoa distinta do titular do contrato, deberá achegar a autorización correspondente do titular do contrato.

Cando a reclamación consista na devolución de ingresos que considere indebidos, a persoa abonada expresará de forma clara e concisa os conceptos que reclama e os fundamentos da reclamación e achegará con esta os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que para o caso corresponda.

3. O Concello da Merca deberá contestar nun prazo máximo de 1 mes, excepto naqueles casos que por causas alleas isto non sexa posible.

4. As reclamacións que se formulen por danos e prexuízos que se causen pola entidade xestora, rexeranse polos principios xeral de responsabilidade patrimonial contidos na Lei 40/2015, do 1 de abril, de réxime xurídico do sector público, e polo procedemento recollido na Lei 39/2021, do 1 de abril, de procedemento administrativo común.

Capítulo segundo. Obrigacións e dereitos

Artigo 10. Obrigacións da entidade titular dos servizos

Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulación especial neste Regulamento, das que poidan derivarse obrigacións específicas, o Concello da Merca terá as seguintes obrigacións e dereitos:

a) Controlar a correcta prestación dos servizos do CIA por parte da entidade xestora.

b) Planificar, proxectar e executar obras de investimento nas redes e instalacións municipais do CIA, necesarias para captar, regular, conducir, depurar, almacenar e distribuír auga potable á poboación do municipio da Merca, así como para recoller, conducir, separar e depurar as augas pluviais e residuais para a súa vertedura ás canles públicas, consonte coas condicións que se fixan neste regulamento e na lexislación aplicable.

c) Vixiar a correcta aplicación do presente regulamento e o resto de normativa de aplicación.

d) Exercer, de acordo co disposto neste regulamento, a potestade sancionadora.

Artigo 11. Obrigacións da entidade xestora dos servizos

Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulación especial neste regulamento das que poidan derivarse obrigacións específicas para a entidade xestora, terá as seguintes obrigacións:

1. Realizar a correcta explotación, mantemento e conservación das redes e instalacións, cunha continua mellora e innovación, mantendo os estándares de calidade dos servizos.



2. A prestación dos servizos con continuidade e regularidade, e sen outras interrupcións que as que se deriven de causas de forza maior, ou ben incidencias excepcionais e xustificadas, propias da explotación dos servizos.

3. Acceso aos servizos do ciclo integral da auga a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que o soliciten, sen outras limitacións e obrigacións que as impostas polo presente regulamento, ou por aquelas outras que aprobe o Concello e, en xeral, pola lexislación que resulte de aplicación.

4. Subministrar auga aos usuarios, garantindo a súa potabilidade consonte coas disposicións sanitarias vixentes, ata o contador ou a chave de rexistro da acometida, de existir, así como efectuar a recollida de augas fecais ou residuais.

5. Garantía de presión ou caudal: a entidade xestora está obrigada, salvo no caso de avarías accidentais ou causas de forza maior, a manter na chave previa ao contador ou equipo de medida ou chave de rexistro, de existir, as condicións mínimas de presión e caudal, de conformidade coas prescricións deste regulamento.

6. Conservación das instalacións:

a) No caso do servizo de abastecemento de auga potable é obrigación da entidade xestora xestionar, manter e conservar os sistemas de impulsión, depósitos de regulación, rede de distribución e sistemas de postcloración e control. Tamén ten a obrigación de realizar a limpeza e mantemento preventivo e/ou correctivo de todas as instalacións adscritas ao servizo. É a súa obrigación a procura, localización e reparación de roturas e fugas nas redes xerais e na parte da acometida que lle corresponda.

b) No caso do servizo de saneamento e depuración de augas residuais é obrigación da entidade xestora xestionar, explotar, manter e conservar as redes unitarias, separativas, por gravidade, de elevación e a rede de canalizacións, rexistros ou arquetas, embornais, sumidoiros, aliviadoiros, estacións de elevación ou impulsión, para conducir as augas residuais ata os puntos en que deba incorporarse aos colectores xerais ou, no seu caso, ás instalacións do sistema de depuración. É tamén obrigación da entidade xestora realizar a mostraxe, análise e control das verteduras ao sistema de rede de sumidoiros, exercer as funcións de inspección e vixilancia de todas as verteduras que se realicen á rede, así como das instalacións de adecuación, pretratamento ou depuración da vertedura instaladas polos usuarios, e exercer a función fiscalizadora relativa a cantos extremos se regulan no presente regulamento para verteduras á rede de saneamento e, especialmente, no que se refire a carga e/ou concentración contaminante e ao caudal vertido, a efectos de executar as funcións sancionadoras que correspondan.

c) Queda fóra do ámbito de responsabilidade da entidade xestora, para os efectos da prestación dos servizos mencionados, a conservación e mantemento de cunetas, canles naturais, zonas verdes e, en xeral, calquera zona á que vertan augas atmosféricas e de escorrenta ata o punto de conexión cun colector municipal integrado na rede de saneamento de rede de augas pluviais. A entidade xestora non será responsable dos danos que, por inundacións, poidan producirse cando a intensidade da auga de choiva sexa superior á capacidade dos colectores do servizo de saneamento.



7. Dispor dun servizo para recepción de avisos de avarías e anomalías que poidan producirse en relación coa prestación dos servizos e dispor a súa reparación coa máxima urxencia.

8. Informar ás persoas abonadas polos medios máis adecuados de difusión e sempre que iso sexa posible, das interrupcións ou alteracións que se produzan na prestación dos servizos.

9. Atender e resolver correctamente calquera consulta, reclamación ou suxestión formulada polas persoas abonadas.

10. Aplicar as prestacións patrimoniais públicas que estableza a correspondente ordenanza municipal aos servizos e/ou actividades prestados ou realizados; e efectuar a facturación, tomando como base as lecturas periódicas do equipo medidor ou calquera outro sistema de estimación previsto neste regulamento.

11. Protección de datos: garantir a protección dos datos persoais das persoas abonadas, de acordo coa lexislación vixente, tratando os datos necesarios para a execución do contrato, elaborando as correspondentes análises e avaliacións de riscos e os correspondentes informes de interese lexítimo nos que se ponderen os dereitos confrontados e solicitando os consentimentos necesarios. Igualmente, a entidade xestora deberá atender os dereitos de protección de datos exercitados polas persoas abonadas.

12. Controlar e vixiar o adecuado cumprimento do establecido neste regulamento procedendo a incoar os expedientes sancionadores a que houbese lugar, de acordo co que estableza en cada momento a normativa vixente.

13. Calquera outra función que lle sexa asignada pola lexislación vixente e futura, na súa condición de ente titular e xestor dos servizos.

Artigo 12. Dereitos e facultades da entidade xestora

Sen prexuízo daqueles outros dereitos que, en relación con situacións específicas, poidan derivarse para a entidade xestora, a mesma terá, con carácter xeral, os seguintes dereitos:

1. Inspeccionar, revisar e intervir, por persoal debidamente acreditado, nas instalacións interiores que, por calquera causa, se atopen ou poidan atoparse en servizo ou uso.

2. Cobrar as prestacións patrimoniais e percibir o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, lles correspondan pagar ás persoas abonadas ou usuarias polos servizos prestados.

3. Suspender a prestación dos servizos nos termos e condicións que se desprendan deste regulamento.

Artigo 13. Obrigas das persoas abonadas

Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulación especial neste regulamento, das que poidan derivarse obrigas específicas para unha persoa abonada, estes terán, con carácter xeral, as obrigacións seguintes:

1. O interesado que desexe adquirir a condición de abonado deberá obrigatoriamente realizar a solicitude de alta no servizo e subscribir o contrato ou póliza. O abonado deberá ter capacidade suficiente para obrar ou contratar, con pleno uso das súas facultades ou con suficiente representación



legal por terceiras persoas e deberá remitir ou presentar ante o Concello toda a documentación requirida para a contratación e alta do servizo.

2. Abonar as liquidacións ou recibos que o Concello da Merca formule consonte coas prestacións patrimoniais públicas aprobadas pola ordenanza municipal, pola prestación dos servizos aos que fai referencia o presente regulamento.

A obrigatorioidade do pago dos consumos de auga considerarase extensiva ao caso nos que estes se orixinaron por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable á entidade xestora.

3. Respetar as instalacións que integran as redes de abastecemento de auga e de saneamento e depuración de augas residuais, como bens de servizo público, prohibíndose a manipulación ou alteración de calquera elemento destas por persoal non autorizado.

4. Conservar e manter en perfecto estado as súas instalacións interiores de forma que non se produzan perturbacións nas redes públicas de abastecemento e utilizar de forma correcta as instalacións do servizo, mantendo, ademais, os precintos intactos colocados por parte da entidade xestora que garanten a inviolabilidade do equipo de medida e das instalacións de acometida, absténdose de manipulalas e garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo. Así mesmo, dispor dun equipo medidor do caudal en perfecto estado.

Igualmente deberá manter en perfecto estado de funcionamento e ao seu cargo todos aqueles elementos ou sistemas de tratamento interiores que poidan afectar á calidade das augas consumidas.

Deberá levar a cabo o mantemento e reparar as avarías que se poidan producir nas instalacións interiores, garantindo en todo momento o cumprimento da normativa vixente, de aplicación á subministración de auga de consumo humano.

5. Facer un uso correcto da auga, utilizando esta para os consumos habituais e evitando usos superfluos e innecesarios, dado que se trata dun recurso escaso.

6. Garantir a non introdución na rede pública de augas doutra orixe aínda que sexan potables. A entidade xestora non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións interiores que non cumpran estas condicións, advertíndolles ás persoas abonadas da responsabilidade na que puidesen incorrer de producirse unha alteración das condicións de potabilidade das augas da traída pública.

7. Proporcionarlle ao Concello da Merca a documentación e datos do seu interese en relación co contrato ou póliza de prestación do servizo; manter en todo momento actualizados os datos do contrato e os datos de contacto necesarios para a execución do contrato, así como todos aqueles datos persoais informados ao Concello.

8. Cumprir as limitacións e prioridades que o Concello da Merca estableza no uso e consumo de auga.

9. Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos ao persoal da entidade xestora ou á persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas de consumo, inspeccións, obras e reparacións.



10. Permitir á entidade xestora a renovación periódica dos contadores de acordo co artigo 55.

11. As persoas abonadas non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuíta ou de maneira remunerada auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsables de toda defraudación que se produza na súa subministración, ben por si ou por calquera outra persoa que del dependa.

12. As persoas abonadas están obrigadas a utilizar a auga subministrada e o saneamento na forma e para os usos contratados. Para calquera modificación que implique aumento de caudal ou incremento de conexións, o abonado está obrigado a solicitar a correspondente autorización á entidade xestora.

13. As persoas abonadas ou usuarias deberán, en interese xeral e no seu propio, comunicarlle á entidade xestora calquera avaría ou perturbación (fugas, perdas de presión, verteduras incontroladas, etc.) que se produzan ou que ao seu xuízo se puidese producir na rede de infraestrutura pública de abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais.

14. No caso de que a entidade xestora teña constancia de fuga ou perda de auga nas instalacións interiores do inmovible, a persoa abonada estará obrigada a realizar a reparación urxente da avaría e, no seu caso, ao pagamento da prestación patrimonial por fugas ocultas.

15. As persoas abonadas ou usuarias deberán dispor pola súa conta das instalacións de elevación precisas para o abastecemento naqueles casos nos que non quede garantida a presión adecuada, así como realizar as obras necesarias para recoller as augas residuais da parte de edificación situada baixo o nivel da beirarrúa.

16. A persoa titular do permiso de vertido está obrigada a manter dentro dos límites establecidos con carácter xeral ou, no seu caso, das condicións particulares, as características das verteduras. Se variase a composición das augas residuais non domésticas, aínda que continuasen sendo admisibles ou tolerables, a persoa abonada estará obrigada a comunicalo á entidade xestora coa debida antelación e detalle.

17. Cando un usuario autorizado verta á rede de saneamento auga de procedencia distinta á subministrada pola entidade xestora, mediante captacións propias (pozos, mananciais, etc.), está obrigado a comunicalo a esta para os efectos do establecido neste regulamento.

18. En ningún caso o usuario poderá incorporar na súa vertedura á rede de saneamento augas procedentes de escurrenta.

19. A persoa titular do permiso de vertido está obrigada a comunicar de maneira inmediata á entidade xestora calquera avaría no proceso produtivo ou das súas instalacións de tratamento que poida afectar negativamente á calidade da vertedura ao sistema, así como calquera modificación nos procesos que inflúa na devandita calidade (artigo 16.a) do Decreto 141/2012, do 21 de xuño).

20. A persoa titular do permiso de vertido está obrigada a comunicar á entidade xestora calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas ou cuantitativas da vertedura, para os efectos de proceder, no seu caso, á revisión do permiso (artigo 16.b) do Decreto 141/2012, do 21 de xuño).



21. A persoa titular do permiso de vertido está obrigada a adaptar a súa actividade e as súas instalacións ás medidas e actuacións que resulten da aplicación das normas previstas no artigo 19 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño (artigo 16.c) do Decreto 141/2012, do 21 de xuño).

22. Os usuarios que pola natureza do uso que dean á auga non poidan prescindir do consumo durante os períodos de interrupción do servizo establecidos no artigo anterior, deberán adoptar as medidas necesarias en previsión das devanditas continxencias.

23. Remitir a lectura do contador á entidade xestora cando non lle fora posible a esta realizar a lectura por ausencia da persoa abonada ou no caso de vivendas ou locais pechados.

24. Solicitar a autorización pertinente para calquera modificación das súas instalacións.

25. Comunicar por escrito á entidade xestora a baixa do servizo.

26. Cumprir as restantes condicións e obrigacións contidas no contrato ou póliza e neste Regulamento

Artigo 14. Dereitos das persoas abonadas

Sen prexuízo daqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse para as persoas abonadas, estas, con carácter xeral, terán os seguintes dereitos:

1. Á formalización, por escrito, dun contrato ou póliza no que se estipulen as características básicas dos servizos, suxeito ao disposto neste Regulamento e outras normas de aplicación, a condición de que cumpra cos requirimentos formais para a contratación.

2. Recibir auga nas súas instalacións que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes e ser advertidos de forma inmediata no caso de que a auga non reunise as condicións mínimas de salubridade legalmente requiridas.

3. Dispor permanentemente da subministración de auga potable e de servizo de evacuación de augas residuais xeradas, consonte coas condicións que se sinalan no contrato suscrito entre as partes, sen outras limitacións que as establecidas no presente regulamento e demais disposicións de aplicación.

4. A que se lle tome pola entidade xestora a lectura ao equipo de medida que controla a subministración coa periodicidade correspondente.

5. A que se lle facturen os servizos que reciba polos conceptos, contías e periodicidade establecidas nas ordenanzas reguladoras.

6. A elixir libremente o instalador autorizado pola consellería competente en materia de industria para a execución das instalacións interiores, así como o proveedor do material, que deberá axustarse ás prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.

7. A realizar consultas sobre as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo que lle afecten, así como a recibir contestación por escrito nun prazo non superior a 10 días hábiles das consultas formuladas por este procedemento. Igualmente, terá dereito a que se lle informe da normativa vixente que lle é de aplicación.

8. A formular reclamacións contra a actuación da entidade xestora ou os seus empregados, mediante os procedementos contemplados neste regulamento.



Capítulo terceiro. Condicións xerais dos servizos.

Artigo 15. Obrigatoriedade dos servizos públicos do ciclo integral da auga (conexión e prestación)

1. A entidade xestora do servizo, dentro do ámbito territorial no que desenvolve os seus servizos, definido como a área de cobertura que domina coas instalacións existentes en cada momento de abastecemento de auga e rede de saneamento e depuración, a prestar o servizo de abastecemento de auga ás persoas abonadas ata a chave de rexistro; así como efectuar a recollida de augas fecais ou residuais, consonte coas condicións que fixa este regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

2. Toda edificación de nova construción, dende a entrada en vigor deste regulamento, deberá estar dotada da infraestrutura necesaria para dar entrada aos servizos do CIA. En consecuencia, non se concederá título habilitante para a realización das obras sen esta condición.

3. Toda edificación de nova construción situada a unha distancia igual ou inferior a cincuenta (50) metros das redes públicas de abastecemento de auga e/ou saneamento e depuración de augas residuais, medidos de xeito lineal segundo o trazado de canalización prevista, está obrigada a conectarse a elas. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entronque coa rede pública será determinado polo persoal técnico municipal aínda que se supere esa distancia.

No obstante, a persoa titular do servizo poderá dispensar da obrigatoriedade da conexión cando a persoa abonada ou usuaria acredite a inviabilidade da devandita conexión por razóns técnicas, económicas ou urbanísticas debidamente xustificadas. Non exime do deber de conexión a necesidade de dispor de elementos especiais como sistemas de bombeo e elevación ou equipos de separación de graxas, salvo que se acrediten as circunstancias descritas anteriormente.

4. As persoas propietarias das unidades de edificación definidas no artigo 20 deste regulamento que estivesen a menos de 50 metros dunha rede do sistema público do CIA á data da entrada en vigor desta norma, deberase conectar obrigatoriamente a esa rede, salvo dispensa, de conformidade co disposto no apartado 3.

5. Cando, como consecuencia dunha actuación pública ou privada autorizada, unha persoa usuaria pase a dispor dunha rede do sistema público do CIA a menos de 50 metros, deberase conectar obrigatoriamente a esa rede dende a súa posta en servizo, salvo dispensa, de conformidade co disposto no apartado 3.

Artigo 16. Ampliación e modificación das redes municipais

1. As obras de ampliación e/ou modificación das redes de abastecemento de auga e de saneamento poderán levarse a cabo polo Concello da Merca, directa ou indirectamente, outra administración pública ou ben pola propia entidade xestora. Tamén a pedimento dun propietario ou de varios, como prolongación da rede existente.

As ditas ampliacións, prolongacións ou modificacións cumprirán coas especificacións determinadas polo Concello da Merca, tras o informe previo da entidade xestora.

2. Con carácter xeral, para a prestación dos servizos do ciclo integral da auga mediante a execución dunha acometida, xa sexa para edificacións novas como antigas, precisarase prolongar a rede existente nos seguintes casos:



a) Cando, existindo redes de distribución de auga ou redes secundarias de saneamento nalgún terreo público lindeiro co inmovible, o novo enganche represente un aumento apreciable de caudal ou vertido, respectivamente.

b) Cando a lonxitude da acometida supere os 10,00 m.

c) Cando para dar o servizo á persoa solicitante se precise cruzar unha vía pública.

d) Cando entre o punto final de rede e a persoa solicitante fose susceptible a prestación dun servizo.

e) Cando, aínda existindo rede, esta se poida catalogar como arteria (rede de abastecemento) ou rede primaria (rede de saneamento).

3. A supervisión, vixilancia e inspección das ampliacións, modificacións e prolongacións da rede efectuarase directamente pola entidade xestora do servizo, ser prexuízo do apartado 5. En calquera caso, no momento de efectuar o entroncamento coa rede existente será necesaria a supervisión in situ polo persoal da entidade xestora do servizo.

4. As ampliacións, modificacións e prolongacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público. No obstante, cando por circunstancias xustificadas polo titular do servizo ou polo solicitante coa aceptación do dito titular, haxa partes da rede que se sitúen excepcionalmente en terreos de propiedade privada, a persoa interesada poderá adquirir o terreo ou ben convir coa persoa propietaria a constitución dunha servidume de acueduto (servidume de tubaxes ou servidume de paso de tubaxe) para unha franxa de tres metros de ancho ao longo do percorrido da rede, inscribíndoa a favor do Concello da Merca no Rexistro da Propiedade.

En calquera dos casos, á constitución da servidume incorporárase a obriga do propietario do terreo de manter o devandito terreo afectado libre de maleza, plantacións ou construcións de calquera tipoloxía e de permitir en todo momento o acceso adecuado ao persoal da entidade xestora aos devanditos terreos; así como o dereito da entidade xestora do servizo a ocupar temporalmente os terreos indispensables para depositar os materiais das obras necesarias para a construción, conservación e limpeza da rede. En casos de urxencia, a entidade xestora, se é necesario, levará a cabo a limpeza de maleza do terreo, na zona afectada pola servidume.

A xestora do servizo non asume responsabilidade ningunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións existentes que discorran por terreos excluídos do viario público, se non dispón de acceso expedito segundo o sinalado.

5. As obras de ampliación das redes de abastecemento de auga e de saneamento propias da urbanización de terreos, creación de novas rúas ou desenvolvemento de polígonos, serán executadas a cargo das persoa/s propietaria/s ou do/s promotor/es destes, cumprindo as condicións do artigo 17.

Defínese urbanización á acción e efecto de urbanizar un terreo para engadir un fácil acceso a servizos básicos (subministración de auga, gas, luz, etc.), ademais de parcelar o solo e engadir rúas; e polígono á unha unidade territorial delimitada para xestionar a ordenación urbana, a planificación



de proxectos, a xestión da infraestrutura e para definir áreas de desenvolvemento, como polígonos industriais, comerciais ou residenciais.

6. O suxeito que soporte o custe das prolongacións das redes de abastecemento de auga e de saneamento, dependerá da clase do solo no que se localice a edificación para a que se solicita a acometida:

a) En solo urbano consolidado, a execución da prolongación será sufragada polo Concello da Merca, cando afecte a terreos que reúnen a condición de solar; será sufragada pola persoa solicitante cando afecta a terreos que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo plan urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse de forma simultánea coas de edificación.

b) En solo urbano non consolidado para os terreos que non reúnan a condición de solar e non se encontren dentro dun polígono, así como para os usos e obras provisionais do artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a execución será sufragada pola persoa solicitante.

c) En solo urbanizable para os usos e obras provisionais do artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a execución será sufragada pola persoa solicitante.

d) En solo de núcleo rural e solo rústico, a execución será sufragada pola persoa solicitante.

Os eventuais reforzos ou modificacións nas redes públicas que se tivesen que efectuar a consecuencia das novas demandas impostas polas ampliacións, modificacións ou prolongacións das redes, co obxecto de manter a capacidade das infraestruturas públicas e sen mingua ningunha para as persoas abonadas ou usuarias preexistentes, executaranse a cargo da persoa física ou xurídica que leve a cabo aquelas.

7. Naqueles casos nos que a lonxitude e a prolongación de rede afecte a varios terreos ademais do terreo do solicitante, o Concello está facultado para repercutir o sobrecusto das obras entre os futuros solicitantes que se vexan beneficiados pola devandita ampliación. Todo novo propietario que deba conectar a súa acometida á citada prolongación, satisfará, ademais da prestación patrimonial por acometida, un sobrecusto pola parte proporcional que lle corresponda, de acordo co custo total da execución, actualizado polo IPC. O Concello distribuirá os ingresos derivados do sobrecusto entre as persoas abonadas que o fixesen efectivo anteriormente, que irán deste xeito resarcíndose das cantidades asumidas a medida que se incorporen novos solicitantes de acometidas a ese tramo. A contía do sobrecusto deberá ser indicada expresamente na liquidación da prestación patrimonial polos dereitos de acometida.

A obrigação do Concello fronte ao primeiro solicitante dunha prolongación e, de forma derivada, fronte a todos os demais que poidan incorporarse posteriormente, prescribirá aos dez (10) anos de efectuarse o pagamento desa primeira acometida.

O establecido no presente punto non se aplicará ás redes públicas xeradas pola execución de polígonos ou ámbitos de xestión urbanística nin ás executadas polo propio Concello da Merca ou administración pública, sen prexuízo da imposición de contribucións especiais.



8. Cando leven a cabo obras de reforma, mellora ou ampliación da rede de abastecemento municipal é preciso proceder a instalar:

a) Os hidratantes precisos para o servizo contra incendios.

b) Os hidratantes de rega necesarios para uso exclusivo dos servizos públicos municipais de obras, parques e xardíns, limpeza, etc. Os hidratantes conectaranse á rede mediante acometida independente, en lugares facilmente accesibles.

9. O Concello deberá coordinar a implantación e mellora dos servizos do ciclo integral da auga con outros servizos urbanísticos a levar a cabo na mesma vía, especialmente pavimentación e encintado de beirarrúas baixo as que teña que implantarse, co fin de evitar levantamentos, roturas e reposicións de pavimento innecesarios.

Artigo 17. Desenvolvemento urbanístico

1. Para os efectos deste regulamento o desenvolvemento urbanístico de polígonos e/ou de terreos para a construción de novas edificacións implica a creación, modificación ou ampliación de infraestrutura viaria e de servizos, tanto se as obras se realizan para conexión entre as distintas parcelas ou solares nos que se divida o terreo, como se se executa para unir a urbanización ou polígono con outra zona xa urbanizada e con servizos.

2. O permiso de acometida dos servizos do CIA para o desenvolvemento urbanístico de polígonos e/ou de terreos para a construción de novas edificacións, implicará unha ampliación da rede dos servizos e estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

a) Serán executadas a cargo da/s persoa/s propietaria/s ou do/s promotor/es destes.

b) Os esquemas das redes interiores de distribución e saneamento, así como as demais instalacións relacionadas, as obras e instalacións previstas no proxecto e, no seu caso, as modificacións, deberán ser aprobados polo Concello e proxectados por técnico competente, tras o informe previo favorable da entidade xestora dos servizos que poderá incorporar esixencias en canto a materiais e dotacións, e que ademais encargarse da supervisión, vixilancia e inspección da ampliación, e con cumprimento das normas técnicas en vigor.

c) En calquera caso, as obras de entroncamento coa rede pública tanto de abastecemento de auga como de saneamento serán realizadas exclusivamente pola entidade xestora, con cargo á/s persoa/s propietaria/s ou ao/s promotor/es do desenvolvemento urbanístico de terreos e polígonos.

d) O Concello poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas e ensaios que estime convenientes, co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten aos materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo da/s persoa/s propietaria/s ou do/s promotor/es da urbanización.

3. En ningún caso estará/n facultado/s a/s persoa/s propietarias ou o/s promotor/es da urbanización para realizar as acometidas de abastecemento ou saneamento nos posibles edificios, terreos edificables ou parcelas sen a previa autorización do Concello e a formalización do correspondente póliza ou contrato de servizo.



4. Os eventuais reforzos ou modificacións nas redes públicas que se tivesen que efectuar a consecuencia das novas demandas impostas polo desenvolvemento urbanístico, co obxecto de manter a capacidade das infraestruturas públicas, e sen mingua ningunha para as persoas abonadas ou usuarias preexistentes, quedarán perfectamente delimitadas no correspondente proxecto técnico e executaranse a cargo da/s persoa/s propietaria/s ou do/s promotor/es da urbanización.

5. Unha vez concluídas as infraestruturas de abastecemento e/ou saneamento e solicitada a súa recepción por parte da/s persoa/s propietaria/s ou do/s promotor/es, a entidade xestora emitirá un informe onde se fixe o grao de cumprimento da normativa técnica vixente, especificando, se as houbera, as anomalías detectadas.

Pola súa natureza inventariable, xunto á solicitude de recepción pública da nova infraestrutura debe acompañarse unha memoria con plano de localización e coordenadas xeográficas das instalacións, dimensións e características da obra executada que defina con detalle as obras realizadas tal como se atopan no momento da recepción.

O incumprimento dos requisitos de calidade dos materiais e/ou das prescricións técnicas especificadas na normativa técnica vixente será motivo suficiente para a non recepción pública, parcial ou total, da infraestrutura da que forman parte.

Unha vez recibidas, pasarán a dominio público, asumindo a entidade xestora a xestión e o mantemento das novas infraestruturas, unha vez lle sexa ordenado polo Concello.

Artigo 18. Acceso aos servizos públicos

Para o acceso aos servizos do ciclo integral da auga é necesario:

- a) Dispoñer da conexión aos servizos (acometida).
- b) Ter asinado a póliza ou contrato de servizo coa entidade xestora.
- c) Dispoñer do permiso de vertedura, nos supostos que sexa obrigatorio, para o acceso ao servizo de saneamento e depuración de augas residuais.

Capítulo cuarto. Condicións xerais das conexións aos servizos.

Artigo 19. Condicións de autorización de acometidas

A autorización para unha acometida para calquera dos servizos do ciclo integral da auga estará supeditada a que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que o inmovible para abastecer estea situado na área de cobertura dos servizos, e cumpra coa lexislación urbanística.
- b) Que o inmovible que se pretende dotar dos servizos conte con instalacións interiores dispoñibles e adecuadas de acordo ao Documento básico HS. Salubridade do Código técnico da edificación.
- c) Que existan instaladas e en servizo conducións públicas da rede de distribución de auga potable ou da rede de saneamento, nas vías públicas que linden co inmovible.
- d) Que a infraestrutura do servizo público se atope en perfecto estado de servizo e a súa capacidade de transporte sexa suficiente para dar subministración de auga potable ou recoller o volume de vertido da nova acometida.



e) No caso das acometidas á rede de abastecemento de auga potable, que o inmovible dispoña de acometida para os vertidos das augas residuais e pluviais ou teña resolto o sistema de evacuación destas (fosas sépticas ou similar) e dispoña, neste caso, das autorizacións precisas para isto.

f) No caso das acometidas á rede de saneamento e depuración de augas residuais, que os vertidos cumpran os límites establecidos neste regulamento ou non se trate dun vertido prohibido.

Artigo 20. Unidades de edificación

1. Consideraranse unidades de edificación aptas para realizar a conexión ás redes de abastecemento e/ou saneamento e depuración aquelas que contén con título administrativo habilitante válido para o seu uso e ocupación no caso de ser preceptiva, que estean ou poidan estar correctamente identificadas no Catastro Inmobiliario e contén con acceso directo á vía pública.

2. Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun único portal ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o Concello ou, se é o caso, a entidade xestora do servizo poderá decidir a conveniencia de realizar unha única acometida ou máis de unha, así como o lugar no que se ten que situar.

Artigo 21. Tramitación da solicitude de acometida

1. Os interesados na prestación dos servizos do CIA presentarán de maneira independente, para cada unidade de edificación, a preceptiva solicitude de acometida á que deberá acompañar necesariamente a documentación que se indica neste artigo e debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento.

As solicitudes para a autorización de acometidas de subministración de auga potable e vertedura de augas residuais faranse simultaneamente, salvo que xa exista unha delas, e que as súas características sexan conformes co presente regulamento ou, en casos excepcionais, que non exista posibilidade de conexión a algún dos servizos.

2. A xestora do servizo facilitará información acerca das características que deberán reunir as instalacións particulares sobre a posibilidade ou non de realizar as subministracións ou a evacuación de depuración de augas residuais e verteduras, en xeral, e sobre o importe das prestacións económicas a aboar.

3. Na solicitude farase constar expresamente:

a) Solicitude en modelo normalizado.

b) Acreditación da personalidade do solicitante.

i. Persoa física: NIF, CIF, NIE ou pasaporte. Se se actuase mediante unha terceira persoa requirirase o impreso de autorización ao representante.

ii. Persoa xurídica: escrituras da constitución da sociedade ou de fusión, así como poderes e DNI do representante.

iii. Comunidades de Propietarios: acta de constitución da comunidade, certificado do secretario da comunidade de nomeamento do presidente e NIF do presidente da comunidade.



c) Emprazamento da acometida, sexa predio ou terreo, edificio, vivenda, local ou industria; ou, no seu caso, proxecto técnico de obra.

d) Documentación xustificativa de propiedade do terreo, edificio, vivenda, local ou industria para a que se solicita a acometida.

e) Documento de constitución da servidume inscrito no Rexistro de Propiedade que, no seu caso, puidese ser necesaria establecer para as instalacións do servizo en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para o efecto.

f) Acreditación do aboamento dos dereitos de acometida, se así se regula na Ordenanza municipal.

g) Nas solicitudes de acometidas ao servizo de saneamento e depuración de augas, achegarán aquela documentación e datos requiridos polo artigo 7 do Decreto 141/2012, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, como, por exemplo, características e condicións do subministración e/ou vertedura (uso ou destino, caudal, etc.), e sempre respectando o establecido con respecto aos permisos de vertedura recollidos no devandito regulamento, e incluíndo as medidas correctoras necesarias.

h) Cando o considere necesario, o Concello da Merca poderá esixir calquera outra documentación que permita coñecer as características do servizo obxecto da solicitude, co único fin de analizar se concorren as condicións e circunstancias que se establecen neste regulamento, para outorgar a acometida consonte coas normas establecidas e cumprindo en todo momento a defensa dos dereitos constitucionais e a normativa vixente.

4. O órgano competente para autorizar ou denegar ás acometidas é a Alcaldía ou órgano en quen delegue, ou ben, a entidade xestora se a dita competencia está encomendada. Á vista dos datos que achegue a persoa solicitante, das peculiaridades do inmovible e do estado das súas redes, previo requirimento de documentación, no prazo de 10 días, se é o caso, determinará as características e condicións de contratación e execución das acometidas. En caso de non presentar a documentación requirida no prazo estipulado, entenderase decaída a solicitude, sen máis deberes para o Concello.

No prazo máximo de quince días dende a solicitude, o órgano competente comunicarlle á persoa solicitante, a súa decisión de conceder ou denegar a acometida ou acometidas solicitadas e, neste último caso, as causas de denegación. Notificarase o acordo á persoa solicitante, cos recursos administrativos procedentes

No caso de concesión, comunicaranse no mesmo escrito o estudo das condicións técnico-económicas necesarias para realizar a acometida ou acometidas solicitadas.

5. Sempre que sexa de recepción obrigatoria, non se concederán illadamente acometidas de subministración de auga potable e de vertedura de augas residuais. Tramitaranse simultaneamente ambas as dúas solicitudes.

6. Naqueles casos nos que, a xuízo do Concello, exista causa xustificada, a persoa solicitante, abonada ou usuaria dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible poderá contratar, á súa costa, acometidas independentes ou reforzar a existente.



Artigo 22. Denegación de conexión

Poderá denegarse a solicitude de acometida ou acometidas ás súas redes polas causas ou circunstancias seguinte:

- a) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.
- b) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a requisitos previos para a conexión ás redes públicas.
- c) Cando a cota de vertedura do inmovible para o que solicita a acometida á rede de sumidoiros sexa inferior á rede de condución xeral correspondente, agás que os propietarios instalen á súa costa o sistema de bombeo idóneo, cando o servizo non sexa obrigado.
- d) Cando algunha parte das instalacións xerais (rede xeral de abastecemento de auga e/ou colector xeral da rede de sumidoiros) deba discorrer pola propiedade de terceiros sen que se acredite a constitución da servidume de acueduto a favor do Concello, inscrita no Rexistro da Propiedade.
- e) Cando a presión no punto de acometida do abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo e non se instalou, a cargo da persoa abonada, o grupo de elevación.
- f) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo e non se instalou a cargo da persoa abonada as medidas de redución de presión idóneas.

Artigo 23. Execución das acometidas

1. As acometidas aos servizos do CIA executaraas, sen prexuízo do disposto no artigo 17 nos supostos de desenvolvemento urbanístico de terreos e polígonos, así como para os terreos edificables e inmoables situados nel:

- a) Servizo de abastecemento de auga potable: a entidade xestora do servizo directamente ou ben mediante a licitación do correspondente contrato de obras.
- b) Servizo de saneamento e depuración de augas residuais: a persoa solicitante.

A execución axustarase ás características, condicións e prescricións técnicas establecidas na normativa técnica municipal, no Código técnico da edificación, na normativa urbanística e no establecido neste Regulamento.

2. O custe da execución das acometidas do servizo de saneamento e depuración de augas residuais serán a cargo da persoa solicitante; mentres que aquelas correspondentes ao servizo de abastecemento de auga potable serán sufragadas á entidade xestora do servizo, se así se establece na ordenanza municipal que regule as prestacións patrimoniais públicas.

Artigo 24. Modificación de acometidas por variación das condicións iniciais de solicitude

1. Cando, con ocasión da rehabilitación, ampliación ou reparación dunha unidade de edificación, se incremente o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíe o uso e as condicións de vertedura, a persoa abonada ou usuaria ou, no seu caso, propietaria ou promotora estará obrigada a solicitar ao titular do servizo a autorización das novas acometidas, en caso necesario, e a modificación dos contratos do servizo. As novas acometidas serán executadas con cargo á persoa abonada ou usuaria ou, no seu caso, propietaria ou promotora, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.



2. No caso de que a xestora do servizo descubrise a realización de obras non comunicadas que poidan variar as condicións iniciais da solicitude, levantarase acta deste feito e a xestora do servizo proporalle ao titular do servizo a actuación que corresponda.

Artigo 25. Posta en servizo da conexión

Realizada a acometida, esta non poderá ser utilizada ata despois da formalización da correspondente póliza ou contrato de servizo.

Capítulo quinto. Contratación dos servizos.

Artigo 26. Solicitude de contratación dos servizos do ciclo integral da auga

1. Unha vez realizada a acometida dos servizos pola súa inexistencia ou por non servir por razóns técnicas o por antigüidade ou ben existindo xa aquela, a persoa solicitante procederá a solicitar a contratación dos correspondentes servizos públicos ante o Concello da Merca.

Solicitaranse os servizos de forma independente para cada terreo ou predio, edificio, vivenda, local ou industria.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dunha subministración de auga ou dun colector ou pozo de rexistro de saneamento por outra parcela ou propiedade distinta daquela para a que se contratou, aínda cando pertenzan ao mesmo dono. No caso de segregacións, divisións ou acumulacións, aínda que non estean rexistradas oficialmente, deberán comunicarse por parte do propietario estas circunstancias á entidade xestora, para a modificación das condicións de acometida e, no seu caso, da póliza de servizo.

3. A solicitude de alta no servizo irá acompañada da seguinte documentación:

a) Solicitude en modelo normalizado.

b) Último recibo do imposto de bens inmobles (IBI) ou, no seu caso, xustificante de presentación de alta catastral.

c) Os títulos administrativos habilitantes nos casos que se especifican a continuación:

i. Contratación dunha nova subministración e/ou vertedura para uso doméstico: título habilitante de primeira ocupación para novas construcións. Noutros casos estarase ao disposto polo órgano competente para a autorización.

ii. Contratación dun novo subministración e/ou vertedura para uso industrial e comercial: título habilitante de apertura de actividade.

iii. Contratación dunha nova subministración para obra: título habilitante para a execución da obra.

d) Acreditación da titularidade suficiente para ocupar o ben inmovible correspondente:

i. Se o que subscribe o contrato é o propietario do terreo, edificio, vivenda, local ou industria, será necesaria a escritura de propiedade ou a súa copia simple.

ii. Se o que subscribe o contrato é o inquilino, será necesaria a autorización do propietario mediante o cumprimento do impreso de autorización ao inquilino, e o contrato de alugueiro.



iii. En caso de defunción do titular, debe achegar:

- Certificado de defunción do titular.

- Declaración de herdeiros/testamento. Na súa falta, recibo contribución se está a nome do novo solicitante, libro de familia e, no seu caso, solicitude escrita dos herdeiros legais autorizando a contratar o servizo a un deles.

- Outra documentación xustificativa.

iv. No caso de separación ou divorcio debe achegar sentenza de divorcio e convenio regulador.

e) Acreditación da personalidade do solicitante

i. Persoa física: NIF, CIF, NIE ou pasaporte. Se se actuase mediante unha terceira persoa, requirirase o impreso de autorización ao representante.

ii. Persoa xurídica: escrituras da constitución da sociedade ou de fusión, así como poderes e DNI do representante.

iii. Comunidades de propietarios: acta de constitución da comunidade, certificado do secretario da comunidade de nomeamento do presidente e NIF do presidente da comunidade.

f) Certificado de conta bancaria onde figuren os 20 díxitos e o titular da conta, para a domiciliación dos recibos.

g) Documento de constitución da servidume que, no seu caso, puidese ser necesaria establecer para as instalacións da subministración en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para o efecto.

h) Acreditación do aboamento da cota por contribucións especiais, cando sexa esixible.

i) Informe ou certificado de instalación interior de subministración e evacuación de auga que acredite que as instalacións cumpren cos requisitos técnicos e legais, emitido por persoa física ou xurídica instaladora de fontanería, preferentemente que estea rexistrada no Rexistro de empresas instaladoras de fontanería de Galicia. Obrigatorio para obra nova e de reconstrución, rehabilitación, consolidación e gran reparación.

j) As solicitudes de vertedura á rede de colectores de todas aquelas persoas usuarias que estean obrigadas a facelo segundo se indica no Decreto 141/2012, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia e no presente regulamento, achegarán coa solicitude a documentación requirida no dito Decreto.

k) Cando o considere necesario, o Concello da Merca poderá esixir calquera outra documentación que permita coñecer as características do servizo obxecto da solicitude, co único fin de analizar se concorren as condicións e circunstancias que se establecen neste regulamento, para contratar os servizos públicos consonte coas normas establecidas e cumprindo en todo momento a defensa dos dereitos constitucionais e a normativa vixente.

4. A solicitude de reenganche nos servizos públicos do CIA irá acompañada da documentación sinalada no punto anterior salvo a disposta nas letras c), g), h) e i).



5. O órgano competente para a resolución da solicitude de contratación dos servizos do ciclo integral da auga é a Alcaldía ou órgano en quen delegue, ou ben, a entidade xestora se a dita competencia está cedida.

No caso de autorizar a alta nos servizos solicitados, a persoa solicitante dispoñerá dun prazo de trinta días dende a recepción da notificación para formalizar a póliza ou contrato de subministración ou servizo, no cal se incluírán os termos e condicións dos servizos entre a persoa abonada ou usuaria e o xestora do servizo.

6. Unha vez que a persoa solicitante asine a póliza ou contrato de servizo, a xestora do servizo estará obrigada á instalación do contador para a medición dos caudais subministrados de auga potable, así como á posta en servizo da instalación de subministración de auga e/ou de vertedura das augas fecais á rede de colectores, no prazo de 15 días hábiles contados a partir da data de sinatura.

7. A prestación dos servizos do CIA para obras, espectáculos temporais en locais móbiles e, en xeral, para actividades esporádicas, contrátaranse sempre con carácter temporal e por tempo definido, que expresamente figurará no contrato.

Artigo 27. Causas de denegación do contrato de servizos do ciclo integral da auga

1. A facultade de autorización dos servizos correspóndelle á Alcaldía ou órgano en quen delegue, ou ben, á entidade xestora se a dita competencia está cedida, con subxección ás normas regulamentarias vixentes.

2. Poderá denegarse a solicitude de acometida ou acometidas ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

a) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.

b) Cando na instalación da persoa solicitante non se cumpriron, a xuízo da xestora do servizo e previa comprobación, as prescricións que con carácter xeral establece este regulamento e a normativa vixente.

c) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a requisitos previos para a conexión ás redes do servizo, cando non dispoña de acometidas para a subministración de auga, ou non conte con autorización de vertedura para as augas residuais e pluviais.

d) Cando a cota de vertedura do inmovible para o que solicita o servizo á rede de sumidoiros sexa inferior á rede de condución xeral correspondente, agás que os propietarios instalen á súa costa o sistema de bombeo idóneo, cando o servizo non sexa obrigado.

e) Cando algunha parte das instalacións xerais (rede xeral de abastecemento de auga e/ou colector xeral da rede de sumidoiros) deba discorrer pola propiedade de terceiros sen que se acredite a constitución da servidume de paso a favor do Concello, inscrita no Rexistro da Propiedade.

f) Cando a presión no punto de acometida do abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo e non se instalase, a cargo da persoa abonada, o grupo de elevación.

g) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo e non se instalase, a cargo da persoa abonada, as medidas de redución de presión idóneas.



h) Cando a persoa ou entidade que solicite a subministración se negue a asinar o contrato de servizo estendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación de subministración de auga e/ou rede de sumidoiros.

i) Cando se comprobe que a persoa solicitante do servizo deixou de satisfacer o importe dos servizos anteriormente.

j) Cando para a parcela, local ou industria para o que se solicita o servizo, exista outro contrato anterior e en plena vixencia.

No caso de que a solicitude de contrato sexa denegada, a Alcaldía ou órgano en quen delegue, ou ben, a entidade xestora se a dita competencia está cedida, comunicará ao solicitante as causas da denegación. Á súa vez, o solicitante disporá dun prazo de dez días hábiles para cumprir cos requirimentos que lle foron formulados, ou ben para presentar as alegacións que considere oportunas ante aquelas. Unha vez transcorrido este prazo sen que se cumprimentara o regulamentado, entenderase renunciada a solicitude, sen máis obrigacións para o órgano competente para autorizar os servizos.

A negativa do órgano competente para autorizar os servizos para subscribir o contrato de subministración ou vertedura poderá ser recorrida polo solicitante.

O tratamento dos datos que sexan facilitados polo solicitante ao órgano competente para autorizar os servizos axustarase ao réxime xurídico previsto no referente a protección de datos de carácter persoal.

Artigo 28. Contido do contrato de servizos do ciclo integral da auga

1. Os contratos de servizo de abastecemento de auga ou de servizo de saneamento e depuración de augas residuais serán o único documento que dará fe da súa contratación e xunto coas condicións establecidas no presente regulamento, así como as que se deriven das normas técnicas implantadas, regulará as relacións entre a entidade xestora do servizo e a persoa abonada. O dito contrato formalizarase dixitalmente ou por escrito e por duplicado segundo a normativa vixente. Deberá entregárselle á persoa abonada un exemplar deste.

2. No contrato de subministración de auga e/ou de saneamento e depuración deberanse recoller, como mínimo, os datos precisos que definan:

- Identificación da entidade xestora do servizo.
- Identificación do/a representante (cando a persoa solicitante non sexa a titular).
- Identificación da persoa abonada.
- Datos do predio abastecido.
- Para a subministración de auga potable achegaranse as características da instalación interior (boletín do/a instalador/a autorizado/a).
- Características do servizo de subministración de auga ou das augas fecais vertidas á rede de colectores, segundo proceda.
- Código CNAE (para usos industriais ou comerciais).
- Identificación do equipo de medida da subministración de auga.



- Condicións económicas.
- Obrigas e dereitos de cada unha das partes.
- Domiciliación do pagamento, se procede.
- Duración do contrato.
- Condicións especiais.
- Xurisdición competente.
- Lugar e data de expedición do contrato.
- Sinaturas das partes.

3. Os contratos estableceranse para cada tipo de servizo. Por tanto, será obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

4. Estenderase un contrato de subministración de auga ou para o servizo de saneamento e depuración para cada vivenda, local ou dependencia independente, aínda que pertenzan ao mesmo propietario/a e sexan contiguas.

5. Cando corresponda a todo o inmovible un único contrato e non existan contratos individuais para cada vivenda, local ou dependencia, aplicárase sobre ela tantas cotas de servizo e/ou mínimos como vivendas, locais ou dependencias que, susceptibles de aboamento, se sirvan mediante a subministración de auga xeral e/ou da vertedura xeral e á tarifa máis elevada que corresponda. Esta modalidade de contratación será unha excepción para aquelas persoas abonadas existentes no momento da entrada en vigor deste regulamento.

6. Os contratos formalizaranse entre a entidade xestora do servizo e a persoa titular propietaria do terreo, local, vivenda ou industria ao que se pretende dar servizo ou por quen a represente, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra a persoa usuaria ou beneficiaria en canto ás obrigas e responsabilidades dimanantes do dito contrato.

Artigo 29. Titulares do contrato de servizos do ciclo integral da auga

1. A persoa contratante do servizo de abastecemento de auga e/ou conexión á rede de saneamento e depuración será o titular ou titulares da unidade de edificación a quen se lle preste o servizo ou quen o represente legalmente, salvo as excepcións que se detallan neste artigo.

No seu caso, o contratante poderá ser o inquilino, con autorización escrita e suficiente da propiedade. Esta autorización implicará a asunción por parte do propietario das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ao Concello, no caso de incumprimento do contrato de subministración e conexión á rede de sumidoiros por parte do inquilino.

Nos casos nos que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios só os poderá contratar o seu representante legal debidamente acreditado.

Nos casos nos que se soliciten os servizos para execución de obras o contratante deberá ser o titular da licenza municipal ou título que o habilite.

2. A subrogación é a variación do contrato na que a nova persoa titular asume os dereitos e obrigas establecidas no dito contrato. Calquera persoa física ou xurídica poderá subrogarse nun contrato de subministración de auga potable e/ou de saneamento e depuración de augas residuais,



asumindo todas as obrigas e dereitos do contrato en vigor, sempre que a persoa titular anterior non se dera de baixa, permanezan as mesmas condicións e exista conformidade entre ambas as dúas. No suposto de existir débedas, o subrogante ou subrogado cancelará estas con anterioridade á subrogación.

Nos casos de nulidade matrimonial, separación xudicial ou divorcio, o/a cónxuxe poderá subrogarse no contrato cando lle sexa atribuído o inmovible. Tal extremo deberá acreditarse mediante a correspondente resolución xudicial.

No caso de falecemento do titular do contrato, as persoas herdeiras poderán subrogarse nos dereitos e obrigacións do contrato, mediante comunicación á xestora do servizo e acreditando as súa condición de tales.

No caso de persoas xurídicas, quen se subroga ou substitúa en dereitos e deberes poderá facelo na póliza ou contrato de servizo, presentando a documentación xustificativa.

3. Nos casos de cambio de titularidade da unidade de edificación deberase comunicar esa circunstancia ao Concello dentro do prazo dun mes coa finalidade de proceder a formalizar un novo contrato de servizos a nome do novo titular. A falta de comunicación implicará a asunción por parte do anterior e do novo propietario, con carácter solidario, nas débedas económicas, así como responsabilidades en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puidesen causarlle ao Concello, tanto os inquilinos ou o anterior propietario do inmovible e tanto anteriores como posteriores ao cambio de titularidade e ata o momento de realizarse a indicada comunicación.

Nos casos nos que os titulares do contrato de servizos fosen os inquilinos o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario á que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo por outra semellante ao seu nome. E procederase á subrogación do contrato ou á alta e baixa.

4. O órgano competente para autorizar calquera tipo de cambio de titular da póliza ou contrato de servizos será a Alcaldía ou órgano en quen delegue, ou ben, a entidade xestora se a dita competencia está cedida.

5. Non poderá ser titular dun contrato de servizos do CIA quen, séndoo con anterioridade para outra unidade de edificación situada no termo municipal da Merca, fora penalizado con suspensión da subministración ou resolución do contrato por falta de pagamento ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente os seus anteriores deberes, coas recargas, intereses e gastos aos que houbese lugar.

Artigo 30. Obxecto e alcance do contrato de servizos do ciclo integral da auga

1. Os contratos de servizos públicos do CIA formalizaranse para cada unidade de edificación, de conformidade co artigo 20 deste Regulamento, obra ou uso temporal.

2. Cada servizo quedará adscrito aos fins para os que se concedeu, e está prohibido dedicalo a outros fins ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, se é o caso, o contrato consecutivo.

3. Toda acometida destinarase exclusivamente aos usos para os que fora solicitada e concedida, debéndolle comunicar previamente o abonado ao Concello calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.



4. Os contratos estableceranse para cada tipo de servizo e, polo tanto, será obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

Artigo 31. Duración do contrato de servizos do ciclo integral da auga

1. Os contratos de servizo de abastecemento de auga ou de servizo de saneamento e depuración de augas residuais subscribíranse por tempo indefinido, agás estipulación expresa con outro carácter, se ben a duración estará suxeita aos condicionamentos legais que establece este regulamento ou que sexan de aplicación.

2. As subministracións para obras, espectáculos temporais en locais móbiles e, en xeral, para actividades esporádicas, contrataranse sempre con carácter temporal e por tempo definido, un tempo que expresamente figurará no contrato.

Artigo 32. Cláusulas especiais nos contratos de servizos do ciclo integral da auga

As cláusulas especiais que poidan consignarse nos contratos non conterán ningunha condición contraria aos preceptos deste regulamento, nin aos do código técnico da edificación, nin a calquera outra disposición aprobada sobre a materia que lle sexa de aplicación.

Artigo 33. Altas, reenganches e baixas nos servizos do ciclo integral da auga

1. Toda alta ou reenganche no servizo será obxecto de solicitude da persoa interesada e subscripción da correspondente póliza na que se fará constar as características do servizo. Producirá efectos económicos dentro do período no que comece o gozar do servizo.

2. As baixas solicitaranse polo titular do contrato subscribindo a correspondente solicitude á entidade xestora do servizo indicando, en todo caso, os motivos e a data na que debe cesar o citado servizo.

Previa comprobación e, no seu caso, pagamento das facturas pendentes, a entidade xestora do servizo procederá ao seu corte e, no seu caso, precintado da chave de paso ou a chave previa ao contador.

3. Mediante ordenanza municipal poderá establecer prestacións patrimoniais pola prestación destes servizos administrativos.

Artigo 34. Causas de suspensión

1. Son causas de suspensión dos servizos:

a) Cando unha persoa usuaria dispoña de calquera dos servizos do ciclo integral da auga sen contrato escrito ao seu nome que a ampare como persoa abonada e se negue á súa subscripción a requirimento da entidade xestora do servizo.

b) Cando a persoa abonada non satisfaga, en período voluntario, o importe de dous recibos ou facturas, salvo por motivos xustificadas polos Servizos Sociais Municipais. Poderase proceder ao corte de subministración, seguindo o procedemento establecido no presente regulamento, sen prexuízo de que as facturas que continuasen sen ser pagadas incorran en constrinximento para o seu cobramento en vía executiva.



c) Por falta de pagamento, transcorridos quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude.

d) Cando o abonado estableza ou permita derivacións na súa instalación a outros terreos, edificios, vivendas, locais ou industrias diferentes aos asignados no seu contrato de servizos, ou sen contrato ningún; ou ben, cando o persoal da entidade xestora do servizo atope esas derivacións. Nestes casos a entidade xestora do servizo poderá efectuar o corte inmediato da subministración do servizo.

e) Cando o abonado non permita a entrada no terreo, edificio, vivenda, local ou industria que dispoña de calquera dos servizos do ciclo integral da auga, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal que, debidamente identificado, trate de revisar as instalacións.

f) Por manipular a instalación interior, así como por non respectar os precintos colocados pola entidade xestora do servizo.

g) Pola negativa da persoa abonada a modificar o emprazamento de rexistros ou arquetas do servizo por calquera das causas que autoriza o presente regulamento.

h) En todos os casos en que a persoa abonada faga uso da auga que se lle subministra para usos distintos dos contratados, así como subministrar auga a terceiros.

i) Cando a persoa abonada puidera afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, xa sexa polas instalacións interiores existentes ou pola mestura con augas doutra procedencia distinta á subministrada pola entidade xestora do servizo, a cal poderá realizar o corte inmediato da subministración.

j) Cando o abonado introduza na súa actividade modificacións que supoñan alteración no caudal ou características da vertedura con respecto ás que figuren no contrato.

k) Cando o abonado permita que, a través das súas instalacións, se vertan augas residuais de terceiros.

l) En xeral, cando o abonado non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato que teña establecido coa entidade xestora do servizo ou as condicións xerais de utilización dos servizos.

2. En calquera caso, estas suspensións, previa tramitación do correspondente expediente, produciranse sen prexuízo das indemnizacións e/ou sancións a que puidese haber lugar como consecuencia de calquera das anomalías previstas.

Artigo 35. Procedemento de suspensión

1. Con excepción dos casos de corte inmediato previstos neste regulamento, a entidade xestora do servizo deberá seguir os trámites legais previstos para o efecto e darlle conta á persoa abonada ou usuaria por correo certificado, ou calquera outro medio que garanta a recepción do aviso por parte deste. Considerarase que queda autorizada para a suspensión da subministración de non recibir orde en contrario do órgano competente do titular do servizo no termo de cinco días hábiles, contados a partir da data en que se deu conta dos feitos.



2. A suspensión da subministración de auga, excepto nos supostos de corte inmediato, non poderá realizarse en días festivos ou días en que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ao público, para os efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas de días en que se dean algunhas destas circunstancias.

3. O restablecemento do servizo realizarase pola entidade xestora do servizo o mesmo día ou, na súa falta, ao seguinte día hábil ao que á persoa abonada ou usuaria emendara as causas que orixinaron a suspensión. Mediante ordenanza municipal poderase repercutir os gastos xerados polo corte do servizo á persoa abonada mediante a correspondente prestación patrimonial.

A notificación do corte da prestación do servizo, incluírá, como mínimo os seguintes puntos:

- a) Nome, apelidos e dirección da persoa abonada.
- b) Identificación da propiedade abastecida.
- c) Data e hora a partir da cal se producirá o corte.
- d) Detalle da razón que orixina o corte.
- e) Nome, dirección, teléfono e horario da entidade xestora do servizo no que se poida arranxar as causas que orixinaron o corte.

4. No caso de corte por falta de pagamento, se no prazo de tres meses, contados desde a data de corte, non se pagaron os recibos pendentes pola persoa abonada ou usuaria darase por finalizado o contrato sen prexuízo dos dereitos da entidade xestora do servizo á esixencia do pago da débeda e ao resarcimento dos danos e perdas a que houbese lugar.

Artigo 36. Extinción e resolución do contrato

1. Levarse a cabo polas seguintes causas:

- a) A petición da persoa abonada.
- b) Por resolución do órgano competente do titular do servizo nos seguintes casos:
 - i. Por persistencia durante máis de tres meses das causas de suspensión especificadas no artigo 34 do presente Regulamento.
 - ii. Por incumprimento por parte da persoa abonada dos termos e condicións da póliza ou contrato do servizo.
 - iii. Por utilización do servizo sen ser o seu titular contractual.

2. Unha vez resolto o contrato, a entidade xestora do servizo poderá precintar o contador ou equipo de medida.

3. A continuación do servizo, despois de extinguirse o contrato por calquera das causas sinaladas anteriormente, só poderá efectuarse mediante unha nova solicitude, subscrición dun novo contrato de servizos e, no seu caso, pagamento das prestacións patrimoniais establecidas na ordenanza municipal, así como, no caso de existir, pagamento da liquidación da débeda pendente.



Título II. Servizo público de abastecemento de auga potable

Capítulo primeiro. Definición do servizo público

Artigo 37. Sistema de subministración e distribución de auga potable

1. Denomínase sistema de subministración e distribución a todas aquelas instalacións dentro da área de prestación do servizo necesarias para a subministración de auga potable ás persoas abonadas, que inclúe as captacións, pozos, instalacións de recepción de auga da rede municipal, regulación, tratamento, elevación, almacenaxe, impulsión e redes de condución e distribución cos seus elementos de regulación e control (chaves, válvulas, instrumentos, etc.), situadas no espazo público ou en dominio privado, pero sempre alleas ás parcelas ou edificios dos receptores da prestación do servizo.

2. Considéranse instalacións en servizo aquelas que, respondendo a algún dos tipos que se relacionan a continuación, se atopan en uso permanente e continuo na prestación do servizo de abastecemento de auga potable:

- Instalacións de captación de caudais: conxunto de tubaxes, elementos de manobra e control, obras de fábrica e demais elementos cuxo fin é achegar ás instalacións de almacenamento ou tratamento os volumes de auga necesarios para atender ás demandas de consumo.

- Instalacións de tratamento de auga potable: conxunto de dispositivos, máquinas e demais elementos destinados a efectuar os procesos necesarios para transformar as condicións da auga de maneira que esta reúna as condicións mínimas esixidas para o consumo humano.

- Conducións xerais: conxunto de tubaxes e os seus elementos de manobra e control que conducen a auga ata as instalacións de tratamento ou almacenamento desta.

- Depósitos de regulación: conxunto de receptáculos destinados ao almacenamento transitorio da auga tratada en espera do seu envío á rede de distribución.

- Redes de distribución: conxunto de tubaxes e todos os seus elementos de manobra, regulación e control que, instalados en terreos de carácter público ou privado, previa constitución da oportuna servidume, conducen auga potable a presión e da cal se derivan as acometidas para as persoas abonadas.

Esta disporá, na medida do posible, dos mecanismos adecuados que permitan a súa sectorización e peche, se fose necesario, por sectores, co fin de proceder ao seu illamento ante situacións anómalas, así como de sistemas que permitan as purgas por sectores para protexer á poboación ante posibles riscos para a súa saúde.

- Arteria: tubaxe e os seus elementos da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.

- Acometida: instalación composta por valvulería, accesorios e tubaxe que enlaza a rede de distribución municipal coa instalación interior do inmovible que se pretende abastecer, formada polos seguintes elementos:

- a) Dispositivo de toma: chave de toma ou colariño de toma en carga, sobre a tubaxe da rede de distribución da rede exterior de subministración que abre o paso da acometida.



b) Ramal: é o tramo de tubaxe que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) Chave de corte ou de rexistro: estará situada ao final do ramal de acometida, na vía pública, e considerase o fin das instalacións públicas. No caso de non existencia de chave de rexistro na acometida, considerarase a liña de fachada ou o cerramento da propiedade como o límite entre a instalación interior propiedade da persoa abonada e a rede municipal ou parte externa de responsabilidade municipal.

- Entenderase por instalación interior de subministración de auga o conxunto de tubaxes e os seus elementos de control, manobra e seguridade, posteriores á chave de rexistro. Distínguese entre:

a) Instalación interior xeral da persoa abonada: a comprendida entre a chave de rexistro de acometida e a chave de saída do contador ou batería de contadores. Esta debe conter, en función do esquema adoptado, os elementos que lle correspondan en base ás esixencias básicas de subministración de auga desenvolvidas no Código técnico da edificación (documento básico “DB HS salubridade, sección 4 subministración de auga -DB HS4-), ou normativa que a substitúa.

O armario ou arqueta do contador xeral conterá, dispostos nesta orde, a chave de corte xeral, un filtro para o control da turbidez da instalación xeral, o contador, unha chave, billa ou rácor de proba, unha válvula de retención e unha chave de saída. A súa instalación debe realizarse nun plano paralelo ao do chan.

b) Instalación interior particular da persoa abonada: a parte de instalación interior comprendida entre a chave de saída do contador e os puntos previstos para servizo do abastecemento dentro do inmovible. As instalacións particulares estarán compostas de:

* Chave de corte xeral situada no interior da propiedade particular en lugar accesible para a súa manipulación.

* Derivacións particulares, cuxo trazado se realizará de forma tal que as derivacións aos cuartos húmidos sexan independentes. Cada unha destas derivacións contará cunha chave de corte, tanto para auga fría como para auga quente.

* Ramais de ligazón, definidos como os tramos que conectan a derivación particular cos distintos puntos de consumo.

* Puntos de consumo, dos cales, todos os aparellos de descarga, tanto dispositivos como billas, os quentadores de auga instantáneos, os acumuladores, as caldeiras individuais de produción de ACS e calefacción e, en xeral, os aparellos sanitarios, levarán unha chave de corte individual.

Artigo 38. Modalidades do servizo público de abastecemento de auga

1. A prestación do servizo público de abastecemento de auga concederase única e exclusivamente nas modalidades que se indican:

A) Usos domésticos. Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias de vida, preparación de alimentos e hixiene persoal. Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas ou anexos ás vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional nin de servizos de calquera tipo. Inclúense neste apartado construcións auxiliares vinculadas ao uso residencial autorizadas polo planeamento.



Tamén garaxes particulares sitos en parcelas distintas á de uso residencia e vinculada a ela, que contarán con acometida e póliza ou contrato de servizo independente.

B) Usos non domésticos:

1. Comerciais. Son aqueles nos que a auga se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos, así como en aquelas industrias en cuxo proceso non interveña a auga de maneira predominante na obtención, transformación ou manufacturación dun produto. Aplicarase tamén a centros de saúde, centros de ensino, así como a establecementos deportivos, recreativos ou sociais, nos que o uso da auga teña o uso mencionado.

2. Industriais. Son aqueles usos nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción por incorporación ao produto ou como determinante do resultado; xa sexa como forza motriz, axente mecánico ou químico, constituíndo un elemento principal na industria. Aplicarase esta modalidade tamén a establecementos deportivos, recreativos ou sociais, nos que o uso da auga sexa o elemento principal na prestación dos servizos. Terán a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizase a entidade xestora ou os laboratorios autorizados para o efecto, se determinase unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrera o actuante.

3. Agrícolas e gandeiros. Son aqueles usos destinados a rega para a obtención de produtos agrícolas ou satisfacción das necesidades do gando comprendidos nunha explotación familiar e integrándose no dito uso os domésticos da vivenda da explotación.

C) Usos municipais. Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais e a aqueles centros ou servizos dependentes do Concello que determine este expresamente, que terán a condición de non suxeitos a pagamento. Será obrigado instalar contadores en todos os puntos de subministración. Non terán a consideración de usos municipais aqueles que se deriven da prestación de servizos realizada a través de concesión administrativa ou de empresa participada polo Concello agás que a participación sexa do 100%.

D) Usos especiais. Son aqueles non incluídos nas modalidades anteriores, incluídos os de carácter temporal. En todo caso, teñen a consideración de usos especiais aqueles temporais e por tempo definido, que se consignará no contrato, aínda que se poidan prorrogar por causas xustificadas, para obras, feiras ou outras actividades temporais na vía pública.

2. Nos supostos nos que nunha unidade de edificación convivan uso doméstico e usos non domésticos, e non sexa posible a súa diferenciación a través de contador ou equipo de medida, integranse os usos na modalidade de uso non doméstico principal.

Entenderase por uso non doméstico principal, aquel uso no que se presuma o maior consumo de auga.

Capítulo segundo. Prestación do servizo público

Artigo 39. Prohibicións na utilización do abastecemento

Está prohibido na utilización dos servizos de abastecemento de auga por parte da persoa abonada:

a) Introducir augas doutra orixe na rede de abastecemento municipal.



- b) Introducir nas conducións do abastecemento calquera elemento que modifique ou afecte á rede pública ou a outras persoas abonadas.
- c) Ceder a terceiros, por calquera concepto, a auga subministrada.
- d) Modificar o acceso a contadores e aparellos de medida.
- e) Empregar a auga do servizo público para fins distintos aos contratados.
- f) Realizar consumos non controlados polo equipo de medida ou alterar os instrumentos de medida.
- g) Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.
- h) Romper ou alterar os precintos de medida.

Artigo 40. Características das acometidas da subministración de auga potable

1. As características das acometidas, tanto no que respecta ás súas dimensións, compoñentes, tipo e calidade dos seus materiais, como á súa forma de execución e punto de conexión, determinará a entidade xestora do servizo, conforme co establecido nas normas técnicas municipais vixentes e no código técnico da edificación, baseándose no uso do inmovible que se vai subministrar, nos consumos previsibles e nas condicións de presión.

A acometida derivarase do punto da rede que o Concello da Merca ou ben, a entidade xestora, se a dita competencia está encomendada, considere máis adecuado e unha vez executada pasará a ser propiedade do titular do servizo. O seu trazado farase de maneira que resulte o de menor lonxitude, discorrerá ata a súa propio límite por terreo público e entrará necesariamente polo portal principal do edificio ou lugar de acceso ao terreo que resulte máis próximo á vía pública. Nos casos en que sexa necesario cruzar propiedades alleas, por razóns económicas ou técnicas, deberá acreditarse a constitución da servidume de paso ou a adquisición da franxa de terreo afectada, segundo o estipulado no artigo 16 deste regulamento.

No caso de ser necesario para a adecuada prestación do servizo, o Concello da Merca ou ben, a entidade xestora, se a dita competencia está encomendada, determinará tamén as modificacións que deban efectuarse na rede existente como consecuencia da petición da persoa solicitante. Estas modificacións serán por conta da persoa solicitante, sen prexuízo de que esta modificación pertenza, para todos os efectos, ao patrimonio municipal. No caso de que o/a solicitante non aboe esta modificación, non se procederá á realización da acometida.

2. A acometida estará formada por un dispositivo de toma, por unha tubaxe única de características específicas segundo o caudal e presión da auga a subministrar e unha chave de rexistro que estará situada ao final do ramal de acometida, na vía pública e xunto ao inmovible. A dita chave constitúe o elemento diferenciador entre a entidade xestora e a persoa abonada, no que respecta á conservación, mantemento e manipulación (apertura e peche) e delimitación de responsabilidades. A súa conservación, mantemento e manipulación corresponde á entidade xestora. No caso de ausencia de chave de rexistro o límite da responsabilidade será a intersección da acometida co límite da parcela de uso privado ou inmovible. Constitúe o punto de entrega de auga por parte da entidade xestora á persoa aboada para os efectos dos que establece a normativa vixente.



3. No caso de execución de acometidas clandestinas por parte da persoa propietaria do terreo, edificio, vivenda, local ou industria, suspenderase inmediatamente o servizo ata que teña a autorización correspondente, sen prexuízo do disposto no título IV deste regulamento.

Non se permitirá estender unha mesma acometida para varias parcelas ou edificacións aínda no caso de estar contiguas e pertencer ao mesmo dono.

Artigo 41. Instalacións interiores da subministración de auga

1. As instalacións interiores para a subministración de auga, coa excepción da colocación do contador, serán executadas por persoa física ou xurídica instaladora de fontanería, preferentemente que estea rexistrada no Rexistro de Empresas Instaladoras de Fontanería de Galicia, e axustaranse ao disposto no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, e demais normativa aplicable.

En todo caso, non se atribuirá responsabilidade á entidade xestora do servizo polo funcionamento normal ou anormal das instalacións interiores.

2. Serán por conta e cargo da persoa abonada os gastos de conservación, reparación e substitución da instalación interior de subministración de auga dende a chave de rexistro ou, se non existe tal chave, desde o comezo da propiedade particular ata o final da súa instalación de distribución interior particular, sen prexuízo do disposto sobre o contador ou equipo de medida no artigo 52.

3. Sen prexuízo das facultades inspectoras dos organismos da administración, a entidade xestora do servizo, por medio do seu persoal debidamente autorizado, poderá intervir, inspeccionar ou comprobar a execución dos traballos, materiais e operacións que se realicen na instalación interior xeral das persoas abonadas, co fin de constatar se foi executada segundo as normas e as prescricións deste regulamento e demais disposicións aplicables.

4. Cando, a xuízo da entidade xestora do servizo, unha instalación interior xeral existente non reúna as condicións necesarias de seguridade e aptitude para o fin a que se destina, comunícaráselle á persoa abonada para que a substitúa, modifique ou repare o antes posible, nun prazo máximo que se sinalará segundo as circunstancias que concorran en cada caso.

Unha vez transcorrido o prazo concedido para a súa adecuación sen que a persoa abonada cumprira o ordenado pola entidade xestora do servizo ou, se a gravidade o esixe no momento da comprobación, pola existencia de ocasionarlle danos a terceiros, procederase ao corte da subministración de forma cautelar ata que a antedita instalación particular xeral reúna as debidas condicións de seguridade.

En calquera dos casos, a xestora do servizo inspeccionará a instalación con posterioridade antes de restablecer o servizo.

5. A persoa abonada do servizo de abastecemento estará obrigada a comunicarlle á entidade xestora do servizo calquera modificación que realice na disposición ou características das súas instalacións interiores particulares por razóns de uso, achegando novamente un certificado de instalación interior que acredite que as instalacións cumpren cos requisitos técnicos e legais, emitido por un profesional autorizado e certificado.



Nas instalacións interiores xerais, esta modificación requirirá autorización da xestora do servizo.

6. Para edificios de nova construción e naqueles casos nos que a rehabilitación do edificio afectase ás conducións interiores, é obrigatoria a instalación dunha batería de contadores divisionaria, en todos aqueles casos nos que se pretenda dar servizo a máis dun abonado coa mesma acometida, cos requisitos establecidos no artigo 51 deste regulamento.

O persoal da entidade xestora do servizo terá acceso permanente ao recinto onde estea instalada a batería de contadores co fin de que poida verificar a inspección regulamentaria.

Artigo 42. Fugas nas instalacións interiores da subministración de auga potable

1. No caso de que a entidade xestora teña constancia de fuga ou perda de auga nas instalacións interiores do inmovible, avisará ao titular da póliza ou contrato de servizo ou, no seu caso, á propiedade, da existencia da devandita fuga, a través dos medios dispoñibles, á maior brevidade. Así mesmo, a entidade xestora do servizo procederá ao corte inmediato da subministración na chave de rexistro, de existir, na chave de paso previa ao contador ou ben na rede de distribución, co obxecto de evitar perda de auga e/ou danos e prexuízos a terceiros.

2. No suposto de non existir chave de rexistro, a entidade xestora do servizo procederá á súa instalación, para evitar prexuízos ás restantes persoas usuarias do servizo polo corte da subministración. O custo da dita instalación será asumido pola persoa abonada.

3. Nos supostos nos que se produza unha fuga oculta na instalación interior particular, a ordenanza municipal regulará os requisitos que deberán concorrer para a aplicación da prestación patrimonial por fugas ocultas e poderá repercutir o servizo de corte de subministración por fuga e/ou instalación de chave de rexistro á persoa abonada mediante a correspondente prestación patrimonial.

4. Ata que a persoa abonada realice a reparación da avaría e, no seu caso, o pagamento da prestación patrimonial establecida, non se restablecerá o servizo por parte da entidade xestora. A reparación na instalación interior xeral será supervisada pola entidade xestora.

5. Os danos e prexuízos ocasionados por fugas nas instalacións interiores serán asumidos pola persoa abonada.

Artigo 43. Presión das acometidas

1. O Concello deberá garantir unha presión mínima de 2,5 atmosferas, excepto por circunstancias técnicas acreditadas en expediente administrativo tramitado para o efecto.

2. A presión mínima poderá variar en momentos puntuais como consecuencia da demanda do servizo polas persoas abonadas para prever fugas ou roturas.

3. No caso de edificacións con máis dun usuario e varias alturas, será a comunidade de propietarios a responsable da presión e caudal adecuados en cada vivenda, instalando grupos de presión comunitarios se fose preciso como parte das instalacións interiores da edificación.

Artigo 44. Acometidas provisionais de subministración de auga para obras

1. Excepcionalmente, a Alcaldía ou órgano en quen delegue, ou ben, a entidade xestora, se a dita competencia está encomendada, poderá conceder acometidas ou tomas de auga con carácter



provisional e temporal para obras, que terán carácter precario e rexeranse polas condicións xerais das pólizas ou contrato de servizo e as que se poidan determinar particularmente para cada caso.

2. Esta clase de subministración efectuarase nas condicións seguintes:

a) Mediante contador colocado para o efecto, en lugar apropiado a xuízo da entidade xestora.

b) O usuario satisfará a auga subministrada de conformidade coa ordenanza municipal vixente.

c) A subministración para obra cortarase cando caduque o seu título habilitante ou conclúa esta, feito que comunicará o titular da licenza municipal ou título habilitante ao Concello. Ata a firma das pólizas definitivas do servizo manterase en vigor a póliza do servizo provisional para obra, sendo o titular da licenza municipal ou título habilitante o responsable de aboar toda a auga consumida, que se lle facturará conforme á ordenanza municipal.

d) Considerarase fraudulenta a utilización desta subministración para usos distintos ao de obras. En ningún caso empregarase para vivendas e locais comerciais e/ou industriais a auga subministrada para unha acometida de obra.

Artigo 45. Subministracións para servizo contra incendios en instalacións interiores

1. A conexión á rede pública de abastecemento das acometidas para sistemas contra incendios esixirá a firma dun contrato específico entre a entidade xestora do servizo e a persoa abonada. En calquera caso o mantemento do sistema correrá a cargo da persoa abonada.

2. O devandito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministración común e estará por tanto suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles, contará cunha acometida e contador específico. A utilización da rede contra incendios será unicamente con este fin.

3. Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas por persoal da entidade xestora do servizo, entendéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto. De terse utilizadas na extinción dun incendio a persoa abonada debe polo en coñecemento da entidade xestora co fin de que se repoñan os precintos correspondentes e evitar posibles responsabilidades derivadas, así como en todo caso que desaparecese o precinto correspondente.

4. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na parcela en que se instala e non poderá ser conectada derivación ningunha para outros usos.

5. Nas instalacións contra incendios non se virará cargo algún derivado do maior ou menor consumo de auga, nin polas súas verteduras á rede de saneamento, nin pola súa utilización no caso de incendio. Mediante ordenanza municipal regularase a correspondente prestación patrimonial.

Artigo 46. Obras non municipais de carácter público

1. Para a execución de obras de urbanización e daquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías ou bens de dominio público a xestora do servizo autorizará, a petición da entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rega ou hidrantes.

2. O solicitante deberá constituír fianza para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, que será fixada polos servizos técnicos municipais.



A constitución deste depósito e o dereito a utilizar a auga por estes medios quedará reflectido nun acordo específico. O depósito será devolto ao contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización da subministración, se non se produciron danos.

3. O consumo de auga a que se refire o presente artigo será aboado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que a xestora do servizo instalase para o efecto, de conformidade co establecido na ordenanza municipal.

4. Salvo os casos previstos nos anteriores números deste artigo, a utilización das bocas de rega ou hidrantes só estará permitida aos servizos públicos de extinción de incendios e a outros servizos municipais.

Artigo 47. Restricións e suspensións temporais da subministración de auga potable

1. O Concello, ou ben, a entidade xestora, se a dita competencia está encomendada, poderá establecer as condicións e prioridades no uso da auga potable no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución de auga, ou ben, por razóns de potabilidade da auga, utilizando o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada, comunicando as medidas adoptadas a través dos medios de difusión máis idóneos, a súa previsible duración e as razóns que levaron a adoptalas, sen prexuízo da normativa xeral de seguridade civil que sexa de aplicación.

2. A entidade xestora do servizo poderá suspender temporalmente o servizo cando sexa imprescindible para proceder ao seu mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo.

Se as interrupcións fosen planificadas, comunicaráselle á veciñanza con 48 horas de antelación.

Os cortes non planificados de carácter urxente serán comunicados á maior brevidade posible.

En calquera caso de suspensión deberase velar polos dereitos dos usuarios e usuarias e ocasionar os menos prexuízos posibles. Para estes efectos, a suspensión comunicaráselle ao Concello, ou ben, a entidade xestora, se dita competencia está encomendada, especificando as cuestións técnicas e temporais de actuación.

3. Sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector, todos os locais nos que se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens, especialmente os centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais, deberán dispoñer de depósitos de reservas de auga que aseguren unha autonomía de abastecemento conforme coas necesidades mínimas que deban cubrirse, cando menos, para un tempo non inferior a vinte e catro horas.

De igual maneira, as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos.

A instalación destes depósitos de reservas de auga farase de forma que garanta a renovación total da auga acumulada en curtos períodos de tempo. Así mesmo, irán dotadas da correspondente válvula antirretorno para evitar unha descarga accidental na rede de distribución xeral.



4. O prestador do servizo non será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falta de subministración motivada, ben nos casos nos que polas súas características especiais deben proveerse de medios de reserva ou ben por mantemento, reparación ou mellora das instalacións comunicadas en prazo, por cortes por forza maior ou urxentes comunicados á maior brevidade.

Artigo 48. Subministración de auga de consumo humano con camión cisterna

1. A xestora do servizo encargárase da subministración de auga potable con camiós cisterna ás persoas abonadas do servizo de abastecemento cando se interrompa este nos supostos de forza maior ou por causas excepcionais e xustificadas cando non sexa apta para a inxestión, por un tempo superior ás 48 horas. En todo caso, a Administración local garantirá que a auga subministrada sexa apta para o consumo.

2. Mediante ordenanza municipal regularase a correspondente prestación patrimonial pública, así como os posibles descontos a aplicar pola dita interrupción.

Capítulo terceiro. Contadores

Artigo 49. Obrigatoriedade de uso do contador

1. A medición dos consumos de auga realizada pola entidade xestora do servizo que servirá de base para a facturación, realizarase por contador ou equipo de medida; que é o único medio que dará fe da contabilización do consumo da auga subministrada.

2. A colocación e instalación de contadores realizarase pola entidade xestora do servizo, correndo os gastos por conta da persoa abonada. O custo da instalación establecerase pola correspondente ordenanza municipal.

3. Como norma xeral, a medición dos consumos efectuarase mediante contador único cando no inmovible ou parcela só exista unha vivenda ou local, en subministracións provisionais para obras e no desenvolvemento urbanístico de polígonos en tanto non sexan recibidas as súas redes de distribución interior e sempre que sexa para o mesmo uso da auga.

Nos casos en que nunha unidade de edificación existan distintos usos ou modalidades de subministración instalaranse contadores independentes para cada un deles, pero se debido ás esixencias técnicas só se pode instalar un, a ordenanza municipal regulará o cálculo da prestación patrimonial a aboar.

4. No caso de subministración a inmoables colectivos, cando exista máis dunha vivenda e/ou locais, o control do consumo base de facturación realizarase cunha batería de contadores divisionarios, cun equipo de medida para cada un dos inmoables e os necesarios para os servizos comúns, de conformidade co Código técnico de edificación ou normativa que o substitúa.

Considerarase un número de vivendas ou locais, para os efectos de facturación, aqueles que poidan ser utilizados de forma independente, aínda cando sexan dun mesmo propietario, estean ocupados ou baleiros.

En todos aqueles casos onde a entidade xestora do servizo considere necesario, con cargo á promotora ou á comunidade de propietarios, se é o caso, poderá instalar, no inicio da instalación interior, un contador totalizador para controlar o consumo global da devandita instalación ou inmovible. O consumo do contador xeral, no caso de que se instalasen contadores divisionarios, deberá



ser igual á suma das medidas dos contadores individuais; cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza facturaráselle á comunidade de persoas abonadas.

Este equipo servirá como base para a detección dunha posible anomalía na instalación interior e servirá como base para repercutir a auga non rexistrada polos contadores divisionarios. As comunidades de propietarios en edificios ou urbanizacións construídas nas que só exista un contador xeral, deberán proceder á instalación dun contador divisionario na fachada de cada vivenda ou local da comunidade, que conte con servizo de auga ben nun cuarto de contadores, se así fora posible, ou na fachada da vivenda, ademais do contador xeral comunitario.

5. Os edificios nos que fose preciso instalar grupos de elevación de auga (grupos de presión), deberán dispor dun contador xeral para control dos consumos. Este contador xeral de referencia estará instalado na cabeceira da acometida ao depósito comunitario e na póliza de abono correspondente a esta acometida figurará como persoa abonada a promotora ou a comunidade de propietarios, se é o caso.

6. Ás subministracións existentes sen contador do caudal estableceráselles un prazo máximo de 30 días para instalación do devandito aparello por parte da persoa propietaria, facturándolle o consumo estimado nas condicións establecidas pola ordenanza municipal. Pasado o devandito período abrírase un expediente de suspensión de subministración. No caso dun consumidor clandestino a suspensión de subministración farase no momento no que se detecte o devandito consumo clandestino.

7. A persoa abonada estará obrigada a facilitarlle o acceso ao equipo de medida, para efectuar a súa lectura, ao persoal da entidade xestora do servizo.

8. O abonado poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores individuais de consumo estime convenientes no interior da súa instalación particular, pero só será válido para a facturación o contador oficial instalado pola entidade xestora do servizo, vinculado á póliza ou contrato de servizo.

Artigo 50. Características técnicas dos aparellos de medida

As características técnicas dos aparellos de medida ou contadores atenderán ao disposto na Orde ICT/155/2020, do 7 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida, o Real decreto 178/2021, do 23 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, e demais lexislación aplicable.

Artigo 51. Instalación dos contadores

1. O dimensionamento e fixación das características do contador ou contadores, así como a clase metrolóxica que deberá instalarse en cada caso, calquera que sexa o sistema de instalación seguido, será facultade da entidade xestora do servizo, que o realizará á vista da declaración de consumo que se formule na solicitude de subministración, e de conformidade co establecido nas normas técnicas municipais vixentes e no Código técnico da edificación.



O contador ou contadores serán instalados pola entidade xestora do servizo e só poderán ser manipulados polo seu persoal, debidamente acreditado. Mediante ordenanza municipal poderase repercutir este servizo á persoa abonada mediante a correspondente prestación patrimonial.

2. Contador único. Instalarase xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario, exclusivamente destinado para este fin, situado na planta baixa do inmovible xunto ao portal de entrada e encaixado no muro-fachada ou cerramento da propiedade que se pretende abastecer, a unha altura non inferior a 50 centímetros nin superior a 150 centímetros con respecto a liña da beirarrúa e, en calquera caso, con acceso directo desde a vía pública. As características do armario responderán a tipos e modelos definidos pola xestora do servizo.

3. Baterías de contadores divisionarios. As baterías de contadores divisionarios, instalaranse nos locais ou armarios exclusivamente destinados a este fin, situados na planta baixa do inmovible, en zona de uso común, con acceso directo desde o portal de entrada. As baterías para centralización de contadores responderán a tipos e modelos definidos pola xestora do servizo

No inicio da batería de contadores, e para cada contador divisionario, deberá existir unha válvula de corte e unha válvula de retención que impida retornos de auga á rede de distribución, tal e como se establece na lexislación vixente.

Condicións dos locais:

a) Os locais para baterías de contadores terán unha altura mínima de 2,5 metros e as súas dimensións en planta serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0,60 m e outro de 1,2 m diante da batería, unha vez medida cos seus contadores e chaves de manobra.

b) As paredes, teito e chan destes locais estarán impermeabilizados, de forma que se impida a formación de humidade nos locais periféricos. Disporán dun sumidoiro con capacidade de desaugadoiro equivalente ao caudal máximo que poida chegar calquera das conducións derivadas da batería, no caso de saída libre de auga.

c) Estarán dotados de iluminación artificial, que asegure un mínimo de 100 lux nun plano situado a un metro sobre o chan. A porta de acceso terá unhas dimensións mínimas de 0,8 m x 2,05 m, abrirá cara ao exterior do local e estará construída con materiais inalterables pola humidade e dotada con pechadura homologada pola entidade xestora. A distancia entre o contador máis elevado e o teito do local será como mínimo de 0,5 metros.

Condicións dos armarios:

a) No caso de que as baterías de contadores se localicen en armarios, as dimensións destes serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0,50 m e outro de 0,20 m entre a cara interior da porta e os elementos máis próximos a ela.

b) Cumprirán igualmente as restantes condicións que se esixen aos locais, aínda que, os armarios terán unhas portas con dimensións tales que, unha vez abertas, presente un oco que abarque a totalidade das baterías e os seus elementos de medición e manobra.

c) Os armarios estarán situados de forma que ante eles e en toda a súa lonxitude, exista un espazo libre dun metro, e a superficie do chan fronte a eles sexa horizontal de polo menos 0,6 metros.



d) Instalarase, en lugar destacado e de forma visible, un cadro ou esquema en que, de forma indeleble, queden debidamente sinalizados os distintos montantes e saídas de baterías e a súa correspondencia coas vivendas ou locais. A responsabilidade da sinalización da batería de contadores corresponde ao instalador especializado, contratado polo promotor, que realizase a instalación interior.

e) A porta estará dotada dun bordo dunha altura mínima de 10 cm que impedirá a saída de auga ao exterior do armario no caso de rotura dalgún conduto.

f) En calquera caso, o contador ou contadores totalizadores, instalados antes dos divisionarios, servirán como base para a detección dunha posible anomalía na instalación interior e para o cómputo da auga non rexistrada polos contadores divisionarios.

Artigo 52. Mantemento do contador

1. O contador ou equipo de medida será propiedade da persoa abonada, correspondendo a esta a súa custodia, mantemento, conservación e reposición, salvo que a lexislación relativa a aparellos de medida defina outra forma de actuación.

2. Sen prexuízo das obrigas da persoa abonada sinaladas no apartado anterior, a prestación do servizo de mantemento, conservación e, de conformidade co artigo 58 deste regulamento, a reposición do contador será realizado pola entidade xestora do servizo. Mediante ordenanza municipal poderase repercutir este servizo á persoa abonada mediante a correspondente prestación patrimonial.

Considerarase mantemento de contadores a súa vixilancia, limpeza, conservación e reparación, mesmo desmonte, polo uso normal do aparello. Non se incluírán como mantemento e conservación as avarías debidas aos motivos expresados no artigo 58 deste regulamento.

3. É, ademais, obrigación da persoa abonada o mantemento e conservación en bo estado do recinto (armario) no que se aloxa o contador ou aparello de medida, manténdoo suficientemente illado e acondicionado en bo estado de conservación e limpeza.

4. Os contadores instalados pola xestora do servizo, contarán coas garantías establecidas na normativa vixente, fronte a deficiencias ou roturas derivadas dun funcionamento correcto, non sendo cubertas as roturas causadas polos motivos expresados no artigo 58 deste regulamento.

Artigo 53. Verificación e precintado

1. É obrigatorio sen excepción ningunha, a partir da entrada en vigor do presente regulamento, que o contador ou equipo de medida que se instale, cando sirva de base para regular a facturación do consumo de auga, estea verificado e precintado. A verificación entenderase realizada por ser un contador novo e homologado e precintarse pola xestora do servizo.

2. É deber ineludible da persoa abonada, manter á inviolabilidade dos precintos como das etiquetas de identificación do contador ou equipo de medida.

A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obriga recaerá directamente sobre a persoa abonada titular do servizo.



Artigo 54. Solicitud de verificación

1. No caso de que un abonado estime que o volume de auga consumida na súa instalación non corresponde á rexistrada polo seu contador, poderá solicitar, á entidade xestora do servizo, a revisión ou verificación do equipo de medición. Mediante ordenanza municipal, os gastos que xere a retirada do equipo, a súa colocación e a verificación e precintado por parte do organismo competente, poderanse repercutir á persoa abonada mediante a correspondente prestación patrimonial.

Sen embargo, se como resultado da comprobación se establece que o contador mide por encima das marxes previstas na lexislación vixente, a xestora do servizo asumirá os gastos mencionados.

2. Se fose a entidade xestora do servizo quen solicitase a verificación, serán ao seu cargo os gastos ocasionados, salvo que o resultado da comprobación establecese que o contador mide por debaixo das marxes previstas na lexislación vixente. Neste suposto, mediante ordenanza municipal, os gastos que xere a retirada do equipo, a súa colocación e a verificación e precintado por parte do organismo competente, poderanse repercutir á persoa abonada mediante a correspondente prestación patrimonial.

3. Para levar a cabo a verificación, a entidade xestora do servizo deberá desmontar o contador e remitilo á consellería competente en materia de industria ou a un laboratorio debidamente acreditado para a medición de contadores de auga e substituirá inmediatamente o contador que deba ser verificado por outro correctamente homologado.

4. Sempre que a porcentaxe de erro metrolóxico resultante da verificación exceda os límites establecidos na lexislación vixente, procederá a regularización das facturacións realizadas nos períodos anteriores, ata un máximo dun ano, dende a verificación oficial do contador.

Artigo 55. Colocación e retirada de contadores

1. A conexión e desconexión, colocación e retirada, do contador ou aparello contador, cando sexa preciso, será realizada pola entidade xestora do servizo, quen poderá precintar á súa instalación, sendo a única autorizada para o seu desprecintado.

2. Os contadores ou aparellos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

- a) Por extinción do contrato de subministración.
- b) Por avaría do equipo de medida.
- c) Por renovación periódica.
- d) Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparello instalado.

3. Cando a xuízo da entidade xestora do servizo existan indicios claros de que o funcionamento do contador non é correcto poderá, previa comunicación á persoa aboada, proceder a desmontar este, instalando no seu lugar outro que fose verificado oficialmente.

Os consumos inscritos polo aparello instalado en substitución do anterior darán fe para a súa liquidación.



Artigo 56. Cambios de situación

1. A instalación que servirá de base para a colocación dos contadores ou equipos de medida realizarase nun lugar que cumpra as condicións normativas vixentes.

2. Calquera modificación da situación do contador ou equipo de medida, dentro do recinto ou da propiedade á que estea adscrito, sempre será a cargo da parte solicitante, sexa a entidade xestora do servizo sexa a persoa abonada. Con todo, será sempre a cargo da persoa abonada toda modificación na situación do contador ocasionada por obras de reforma ou rehabilitación efectuadas pola persoa abonada con posterioridade á instalación do contador; así como aquela modificación cando a situación do contador dificulte a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.

Artigo 57. Manipulación do contador

1. A persoa abonada nunca poderá manipular o contador ou equipo de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes deste equipo no sentido de circulación da auga.

2. A persoa abonada non poderá practicar operacións sobre a tubaxe que parte do contador e que poidan alterar o bo funcionamento deste, no sentido de conseguir que pase auga a través del, sen que chegue a marcar, ou que marque caudais inferiores aos límites regulamentarios de tolerancia.

Artigo 58. Substitución de contadores

1. Será necesario a substitución do contador ou equipo de medida por outro en perfectas condicións, no caso de que pola persoa abonada ou polo persoal da entidade xestora do servizo se detectara calquera incidencia, avaría ou parada do contador por uso normal do aparello que leve erros no rexistro de consumos; e, tamén, no caso de substitución periódica programada de vida útil establecida na lexislación vixente coa finalidade de manter un parque de contadores actualizado. Nestes supostos, a entidade xestora do servizo realizará a dita operación. O custe da substitución enténdese incluída, no seu caso, na prestación patrimonial por mantemento, conservación e reposición de contador.

2. Non teñen a consideración de mantemento e conservación e, polo tanto, no seu caso, quedarán excluídos da prestación patrimonial establecida, aqueles contadores cuxa avaría ou parada se producira polos seguintes motivos:

- a) Causas meteorolóxicas.
- b) Retornos de augas.
- c) Situación inadecuada e/ou falta de protección do contador.
- d) Avarías ou roturas provocadas por manipulación indebida.
- e) Acto vandálicos.
- f) Aqueles outros motivos que sexan por dolo, imprudencia ou forza maior.

Os gastos ocasionados pola substitución do contador serán por conta da persoa abonada.

3. Cando por reparación, renovación periódica e/ou verificación se teña que retirar un contador ou equipo de medida da instalación e non sexa inmediata a súa colocación, colocarse provisional-



mente no seu lugar outro contador ou equipo de medida, debidamente verificado, que será o que controle os consumos.

Capítulo cuarto. Lecturas, consumos e facturacións

Artigo 59. Lectura de contadores

1. A lectura de contadores ou equipos de medida que servirá de base para determinar os consumos facturables ás persoas abonadas, realizarase coa periodicidade prevista na ordenanza municipal, polo persoal autorizado e debidamente acreditado da entidade xestora do servizo.

As indicacións que marque o contador ou equipo de medida anotaraas o/a lector/a nas follas ou soportes informáticos que servirán de base para a facturación correspondente, sempre que non se trate de equipos de telelectura.

2. A toma de lectura, con excepción das instalacións que dispoñan telelectura, realizarase en horas hábiles ou de normal relación co exterior, polo persoal autorizado. En ningún caso, a persoa abonada poderá impor o deber de tomar lectura fóra do horario que establece a entidade xestora do servizo para tal efecto.

3. Cando por ausencia da persoa abonada non fose posible a toma de lectura, o lector encargado dela deixará constancia da súa visita, depositando na caixa de correos ou similar un aviso no que, ademais de deixar constancia da súa presenza no domicilio da persoa abonada, permitirlle a esta anotar nela a lectura do seu contador efectuada por el mesmo, e facela chegar á entidade xestora do servizo, no prazo máximo de cinco días, para os efectos da facturación do consumo inscrito.

O lector encargado da toma de lectura tamén poderá realizar este aviso por medios dixitais ou telefónicos.

En calquera caso, a entidade xestora do servizo facilitará os medios para que as persoas abonadas poidan comunicar a lectura por diferentes canles de atención, facilitando e priorizando para iso os medios telemáticos.

Esta lectura será tida en conta pola entidade xestora do servizo para a determinación do consumo a facturar sempre que sexa entregada dentro da data límite e non se dispoña de información máis precisa.

Artigo 60. Determinación dos consumos facturables

1. Mediante ordenanza municipal estableceranse as prestacións patrimoniais polos consumos dos servizos do ciclo integral da auga a cargo da persoa abonada ou usuaria, que servirán para que a entidade xestora do servizo realice o cálculo da facturación dos servizos, sen prexuízo das indemnizacións, dereitos ou accións que a lexislación vixente ampare.

2. Como norma xeral, o consumo determinarase polas diferenzas entre as lecturas do equipo de medida coa periodicidade definida.

Artigo 61. Imposibilidade de lectura

1. Cando non sexa posible efectuar a lectura por non ter acceso ao contador e a persoa abonada ou usuaria non facilite a lectura polos medios habilitados para iso, ou o contador estea parado ou avariado, e, polo tanto, non sexa posible coñecer os consumos, a entidade xestora do servizo



realizará a facturación mediante a estimación de consumos. Mediante ordenanza municipal regularanse os criterios de cálculo do consumo estimado dependendo das causas que o causaron, así como a súa regularización.

2. Se durante 4 períodos consecutivos de lectura non se obtivese lectura real do contador, a persoa abonada estará obrigada a realizar os traballos necesarios para poder situar o contador nun lugar exterior e accesible para a lectura ou, alternativamente, instalar un sistema de telelectura, correndo o abonado con todos os gastos derivados dos devanditos traballos. Superado o número de períodos, suspenderase temporalmente a prestación do servizo.

Artigo 62. Consumos públicos

Os consumos para usos públicos (edificios, xardíns, fontes, baldeos de rúas, etc.) dependentes do Concello, serán medidos por contador ou, no seu caso, aforados (medición dun caudal de auga corrente por unha tubaxe) coa maior exactitude posible.

Título III. Servizo de saneamento e depuración de augas residuais

Capítulo primeiro. Definición do servizo público

Artigo 63. Normas xerais

O servizo público de saneamento e depuración de augas residuais do Concello da Merca axustarase ao disposto no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia e ao disposto no presente título, sen prexuízo da lexislación estatal ou autonómica aplicable aos devanditos servizos.

Artigo 64. Finalidades

O servizo municipal de saneamento e depuración de augas residuais ten as seguintes finalidades:

a) Adoptar as medidas e establecer os programas necesarios para alcanzar o obxectivo da universalización do servizo de saneamento no Concello da Merca.

b) Garantir a evacuación e tratamento das augas residuais de maneira eficaz co fin de preservar o estado das masas de auga e posibilitar as súas máis variados usos, incluíndo a súa reutilización.

c) Adecuar a calidade da auga dos efluentes das estacións depuradoras para dar cumprimento á normativa básica sobre depuración de augas residuais urbanas, sen prexuízo do respecto dos obxectivos ambientais establecidos na lexislación e na planificación hidrolóxica aplicables.

d) Prohibir a vertedura ás redes de sumidoiros e colectores de augas residuais de orixe industrial, agrícola e gandeira, cuxas características incumpran o esixido na respectiva ordenanza ou regulamento, ou poidan alterar o correcto funcionamento das instalacións afectas o servizo.

e) Garantir que o conxunto das verteduras da rede municipal de saneamento se adecúa ás características de deseño da correspondente instalación de depuración.

f) Xestionar de maneira eficiente as instalacións a partir dun deseño coherente coas instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia aprobadas por Augas de Galicia.



g) Adecuar as autorizacións de vertedura ás esixencias e requirimentos do progreso técnico, adecuación que non é indemnizable e cuxo incumprimento poderá dar lugar á suspensión e á revogación da autorización, que non terán carácter sancionador.

Artigo 65. Persoas usuarias do servizo público de saneamento

1. Todas as edificacións, industrias ou explotacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xerar verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, estarán obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos deste regulamento.

2. Os vertidos clasificaranse en:

a) Augas residuais domésticas.- As que están formadas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas propias para atender as necesidades primarias (preparación, cocción e manipulación de alimentos; hixiene persoal; limpeza en xeral) procedentes dos usos residenciais das vivendas, actividades comerciais sen almacenaxe, oficina e talleres integrados nas vivendas.

b) Augas residuais non domésticas.- As vertidas desde establecementos nos que se efectúe calquera actividade comercial, industrial, de servizos, agrícola ou gandeira, que non sexan augas residuais domésticas ou de escorrenta pluvial. Entenderase por actividade industrial aquela que consista na produción, transformación, manipulación, reparación e almacenaxe de materias primas e produtos manufacturados.

c) Augas pluviais.- Augas resultantes da escorrenta de precipitacións atmosféricas ou procedentes de mananciais.

3. Segundo o tipo de vertido, as modalidades de prestación do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais, definidas en persoas usuarias, clasifícanse do seguinte xeito:

a) Persoas usuarias domésticas: aquelas que xeran augas residuais domésticas.

b) Persoas usuarias non domésticas: aquelas que xeran augas residuais non domésticas,

Artigo 66. Elementos materiais do servizo

1. O sistema público de saneamento e depuración de augas residuais defínese como o conxunto de bens de dominio público interrelacionados (condutos e instalacións) que serven para recoller, conducir ata o sistema de depuración (EDAR ou fosa séptica) e sanear, de maneira integrada, as augas residuais (domésticas ou non domésticas) e/ou pluviais (aquelas que poden alterar a calidade do medio receptor) xeradas nun ou máis municipios ou en parte dun ou máis municipios. As acometidas ao sistema non forman parte do sistema público.

2. O sistema público está composto por:

a) Sistema de saneamento.- Conxunto de condutos e instalacións que serven para recoller e conducir ata o sistema de depuración (estación depuradora ou fosas sépticas municipais) as augas residuais e/ou pluviais.

i. Rede de saneamento.- É o conxunto de tubaxes, pozos de rexistro, cámaras de descarga, aliviadoiros, estacións de elevación ou impulsión, e demais elementos que serven para recoller e conducir ata os puntos nos que se incorporan aos colectores xerais ou, no seu caso, ás instalacións



de depuración, as augas residuais e/ou pluviais. A rede de saneamento poderá constituírse nun sistema unitario ou separativo, en función de que o seu uso sexa mixto para augas residuais e pluviais ou que se compoña de dúas redes paralelas, unha para cada tipo de auga. Distinguimos:

- Rede primaria.- Son aquelas canalizacións da rede de saneamento consideradas colectores principais, que enlazan diferentes sectores da zona saneada sen que nelas se poidan realizar acometidas, ou de xeito moi puntual derivacións especiais.

- Rede secundaria.- Son as tubaxes, pozos de rexistro, da rede de saneamento que corren ao longo dunha vía pública ou privada “naqueles casos nos que non sexa posible o uso da vía pública e sempre e cando se obteña, a través dos medios legalmente establecidos, a titularidade do terreo que se vai ocupar ou da servidume de paso” e das que se derivan, se é o caso, as acometidas para as verteduras e os embornais (buracos por onde se drena as augas pluviais nas vías públicas). A súa definición terá que ser aprobada polo Concello a proposta da xestora do servizo e dos servizos técnicos municipais.

- ii. Colectores xerais.- Conxunto de tubaxes, rexistros e demais elementos de conducen as augas residuais recollidas desde os puntos de entroncamento coa rede de saneamento ata o sistema de depuración de augas residuais (estación depuradora de augas residuais -EDAR- ou fosa séptica).

- b) Sistema de depuración de augas residuais.- Conxunto de bens de dominio público (instalacións, depósitos, tubaxes, máquinas, mecanismos e elementos de control) necesarias para a depuración das augas residuais procedentes do sistema de saneamento e a súa reincorporación ao medio natural. Sen prexuízo doutras instalacións necesarias, inclúe:

- i. Estación depuradora.- É aquela instalación onde se someten as augas residuais a un tratamento de depuración física, biolóxica ou química, tal que permita a súa posterior reutilización para diversos fins ou a súa reincorporación ao medio natural sen alteralo.

- ii. Fosas sépticas.- É un sistema de almacenaxe e posterior eliminación de residuos fecais, a través dun proceso sinxelo de decantación e sedimentación, logrando eliminar os sólidos presentes nas augas residuais, evitando que contaminen o medio natural.

- iii. Emisarios de augas residuais.- Tubaxe de saída que transporta as augas tratadas dende unha planta de tratamento ata o medio natural (xa sexa un río, o mar, etc.)

- c) Os tramos artificiais da rede natural de evacuación de augas pluviais, no suposto da existencia dunha rede pluvial separada da rede de augas residuais.

3. Teñen carácter privativo os seguintes elementos:

- a) Acometida.- É o conxunto de canalizacións e outros elementos que unen a rede de saneamento e depuración coa instalación do inmovible que se pretende sanear. A acometida constará dos seguintes elementos:

- i. Arqueta de arranque ou de rexistro.- Situada no límite da propiedade, na zona pública, serve de conexión entre a tubaxe de saída de augas residuais da propiedade e a cloaca da acometida. É obrigatoria nas instalacións que vertan augas residuais non domésticas (artigo 7.1.d) do Regulamento de saneamento de Galicia.



ii. Cloaca ou sumidoiro.- É o treito de canalización que vai desde a arqueta de arranque ou límite da propiedade ata a rede de saneamento.

iii. Entronque.- É o punto de unión da cloaca da acometida coa rede de saneamento e depuración, que debe ser un pozo de rexistro, no caso de existir.

b) Instalación interior de saneamento: conxunto de tubaxes e demais elementos que, dentro do recinto, local ou vivenda de cada persoa usuaria, conducen as augas residuais á acometida de saneamento

4. As administracións desenvolverán accións para a paulatina substitución de redes unitarias por redes separativas, sempre que sexa posible, de conformidade co disposto no artigo 5 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

Artigo 67. Condicións técnicas da rede de saneamento

1. O saneamento será separativo con carácter xeral, co obxecto de non levar augas limpas á depuración e de conducir as augas residuais ás instalacións de depuración completa antes de vertelas ás canles públicas naturais ás que, en cambio, desaugarán directamente e pola superficie do terreo ou á rede de pluviais as augas de choiva (augas pluviais). Atenderase ao planeamento municipal do Concello da Merca, ás Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia (ITOHG) elaboradas por Augas de Galicia, ou á normativa que as substitúa.

2. As seccións mínimas dos tubos para a rede de saneamento serán de 300 mm de diámetro con carácter xeral, cun mínimo de 250 mm para que sexa viable a supervisión con cámara, aplicable tamén para os desaugadoiros dos sumidoiros (augas pluviais) e executaranse preferiblemente en PVC. As acometidas domiciliarias disporán dun diámetro mínimo de 160 mm, que se poderá reducir a 125 mm para vivendas unifamiliares.

3. As pendentes mínimas serán do un por cento (1%). En todo caso, o proxecto requirido reflectirá os perfís lonxitudinais coas pendentes que correspondan.

4. As conducións serán subterráneas, seguindo o trazado da rede viaria ou espazos públicos libres. Salvo imposibilidade técnica, o recubrimento mínimo do tubo, medido desde a súa xeratriz superior, será de 1,20 m, e preferiblemente de 1,50 m. En todo caso deberá situarse a nivel inferior ao das conducións de abastecemento circundante.

5. Disporanse de pozos de rexistro cada 50 m como máximo, en todos os cambios de aliñación e rasante, así como nas cabeceiras.

6. Cando as augas de choiva se evacúen pola rede de saneamento disporanse sumidoiros cada 40 m como máximo e cunha afección de cada 400 m², en todos os cruces das rúas.

7. As xuntas serán estancas. Utilizarase preferentemente a solución elástica mediante xunta de goma. Prohíbese a utilización de unións ríxidas, salvo que se xustifique mediante un tratamento axitado a súa impermeabilidade. Os pozos, arquetas e sumidoiros deberán ser estancos e deberán tratarse adecuadamente as superficies que estean en contacto coa auga.

8. Toda a rede de saneamento e depuración que se proxecte en solo urbano ou urbanizable acometerá á rede municipal. A dita conexión resolverase nun pozo de rexistro. Así mesmo, a conexión ao saneamento das acometidas domiciliarias e dos desaugadoiros de saneamento e depuración



farase tamén mediante pozos de rexistro ou entronque directo á rede de abastecemento, segundo indicacións da xestora do servizo.

Artigo 68. Xestión das instalacións públicas. Principio de continuidade do servizo

1. Cada xestora do servizo, no seu caso, velará polo correcto funcionamento e estado de conservación, e explotará as instalacións do sistema público de saneamento e, no seu caso, de depuración, de conformidade co artigo 19 e 20 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, así como o disposto neste artigo.

2. Salvo nos supostos de parada forzosa que se indican a continuación, a xestora do servizo ten a obriga de manter permanentemente o servizo, cando non conste o contrario no contrato de servizos de saneamento e depuración:

a) Sexa imprescindible para o mantemento, reparación ou mellora das instalacións públicas.

b) No suposto de vertedura contaminante que implique un risco inminente para a saúde da poboación ou do funcionamento das instalacións de depuración ou persoal de mantemento do servizo.

Capítulo segundo. Prestación do servizo público

Artigo 69. Obrigas específicas do servizo de saneamento e depuración de augas residuais

1. No caso de que unha unidade de edificación xeradora de augas residuais (domésticas ou non) non estea obrigada á conexión á rede municipal de saneamento, ou esta non sexa posible, deberá estar provista de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) que non supoñan un risco para o medio ambiente. Estes sistemas de depuración, que implicarán unha vertedura directa ou indirecta a dominio público, deberán estar autorizados polo organismo de cunca ou a administración hidráulica competente. Nestes casos, o servizo municipal correspondente deberá emitir, con carácter previo á licenza urbanística de que se trate, un informe relativo á idoneidade do dispositivo proxectado e conforme coas melloras técnicas dispoñibles que aseguren a súa maior eficiencia ambiental. Corresponde ao usuario ou usuaria a limpeza periódica, conservación e mantemento dos devanditos sistemas autónomos de depuración, así como o envío ao xestor autorizado dos residuos que se xeraron.

2. En solo urbano consolidado e en solo urbano non consolidado para os terreos que non reúnan a condición de solar e non se encontren dentro dun polígono, así como para os usos e obras provisionais do artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, non se permite a utilización de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares). Toda persoa usuaria deberá estar conectado á rede de saneamento municipal.

Se non existise rede en solo urbano consolidado, mentres o titular do servizo non execute as obras de prolongación da rede, permitirase, previa a obtención, cando corresponda, da autorización de vertido emitida polo organismo de cunca ou pola administración hidráulica competente, a utilización de fosas sépticas ou dispositivos similares, aos que se conectarán as augas procedentes dos aseos (inodoros, lavabos, bidés e duchas), e tamén as augas grises procedentes dos vertedoiros, lavalouzas, lavadoras ou outros aparellos ou instalacións análogas.

3. En solo urbanizable para os usos e obras provisionais do artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e en solo de núcleo rural e solo rústico para as construcións permanen-



tes autorizables, sempre que no sexa obrigatorio a conexión á rede de saneamento, autorizarase o emprego de fosas sépticas ou similares baixo as premisas sinaladas neste artigo.

4. As unidades de edificación existentes ou as que se constrúan con fachada a unha vía na que exista rede de saneamento pública deberán verter a esta as súas augas residuais a través da correspondente acometida, sempre que as ditas augas reúnan as condicións físico-químicas esixidas neste regulamento e unha vez obtido, no seu caso, o preceptivo título habilitante. Poderase esixir que faga constar a natureza dos efluentes e as medidas de pretratamento que sexan esixibles, se é o caso.

Se a edificación tivese fachada a máis dunha vía pública, o/a propietario/a poderá escoller a rede de saneamento público ao que vai verter as súas augas, salvo que existan razóns técnicas que o impidan.

5. As persoas propietarias daquelas unidades de edificación xa construídas na data de entrada en vigor deste regulamento, cuxo servizo de abastecemento e depuración de augas residuais é obrigatorio, deberán axustarse ás seguintes condicións:

a) Se tivesen desaugadoiro por medio de fosa séptica, e sexa tecnicamente posible a súa conexión á rede de saneamento, os/as propietarios/as están obrigados a enlazar o dito desaugadoiro con esta, a través da acometida correspondente; a modificar a rede interior do inmovible para conectala coa referida acometida, se fose preciso; e clausurarase o sistema autónomo existente (fosa séptica ou dispositivo similar).

b) Se tales unidades tivesen desaugadoiro a ceo aberto, directa ou indirectamente, sen tratamento previo, ou con calquera sistema de tratamento incorrecto que produza unha vertedura anómala, as persoas propietarias estarán obrigadas a enlazar o dito desaugadoiro coa rede de saneamento, salvo que se trate de vivendas unifamiliares en zonas carentes de rede de saneamento e noutros casos excepcionais, nos que o Concello poderá autorizar fosas sépticas para a depuración completa individual das augas residuais e/ou a vertedura a ceo aberto das augas pluviais, sen prexuízo da obriga de enlazar coa rede de saneamento pública cando se constrúa.

c) Se tivesen desaugadoiro unitario (residuais e pluviais) á rede de saneamento, e fronte ao soar exista rede de saneamento separativa, estarán obrigados a enlazar separadamente as augas residuais e as pluviais, a través das correspondentes acometidas e a modificar a rede interior do inmovible para a súa conexión se fose preciso.

6. Unha vez transcorrido o prazo establecido no requirimento que para tal efecto dirixirá o titular do servizo ou a súa xestora á persoa propietaria, sen que esta eliminara a vertedura anómala, ou solicitara a acometida, o titular do servizo ou a súa xestora procederá á súa construción, con cargo á persoa propietaria, sen prexuízo de aplicación das sancións procedentes ata tanto non modifique a rede interior para o enlace correcto á acometida, independentemente daquelas outras sancións que procedan por vertedura a ceo aberto.

7. No suposto de que dende as fosas sépticas se producise algunha vertedura directa ou indirecta de augas residuais ao dominio público hidráulico, a intervención e o control desta corresponderalle a “Augas de Galicia”, como Administración hidráulica competente na demarcación hidrográfica



Miño-Sil, tal que como se desprende do disposto no artigo 11.6 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. En consecuencia, a persoa titular aterase ao que ao respecto resolva a devandita entidade autonómica, e terá a obriga de solicitar nela a correspondente autorización de vertedura, sen prexuízo das responsabilidades administrativas ou doutra índole en que puideran incurrir. Os valores límite da vertedura serán fixados na resolución que, se é o caso, dite o órgano competente.

Artigo 70. Conexión á rede de saneamento e depuración. Acometidas

1. A acometida á rede municipal de saneamento e depuración das augas residuais dunha unidade de edificación terá carácter privativo e estenderase dende a arqueta de arranque ou de rexistro, ou no límite da vía pública coa propiedade privada se non existise, ata o pozo de rexistro da rede secundaria de saneamento ao que está conectado. Nas instalacións onde puidese faltar o pozo de rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, nun colector (tubaxe) da rede secundaria.

Toda acometida á rede de saneamento e depuración de persoa usuaria non doméstica deberá dispoñer dunha arqueta de arranque ou de rexistro. Para as acometidas de persoas usuarias domésticas, terá carácter potestativo.

2. A execución das novas acometidas axustarase ao disposto neste Regulamento, ao igual que aquelas acometidas que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade. No segundo suposto, a entidade xestora do servizo quedará eximida de toda responsabilidade fronte aos eventuais efectos de mal funcionamento da acometida, que asumirá exclusivamente a persoa usuaria. En calquera dos casos, os custes da execución asumiraos a persoa propietaria do terreo ou solicitante, ou a usuaria da conexión ao servizo.

3. As instalacións que non se axusten a estas normas serán obrigadas a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. A entidade xestora do servizo indicará as modificacións que deban efectuarse na acometida existente. O custo correspondente será a cargo da persoa usuaria.

4. A entidade xestora do servizo ten a obriga de realizar ao seu cargo o mantemento, substitución e reparación do sistema público de saneamento á que estea conectada a acometida e ata onde se produza o seu entronque, xa sexa na propia rede ou no pozo de rexistro, no caso de existir.

O mantemento, substitución e reparación das acometidas de saneamento e depuración de augas residuais correspóndelle á persoa usuaria da conexión ao servizo. Os custos serán a cargo da persoa usuaria. O servizo de desatascos na acometida á rede de saneamento será prestado unicamente pola entidade xestora do servizo, co fin de evitar prexuízos á rede pública de saneamento e abastecemento.

5. No caso de execución de acometidas clandestinas por parte da persoa propietaria, suspenderase o servizo.

Artigo 71. Acometidas de pluviais

1. Nas zonas onde a rede de saneamento sexa separativa “deseñada para o transporte de augas residuais e pluviais independentemente” é obrigatorio realizar unha acometida pola que evacuar exclusivamente as augas da choiva independente da acometida de residuais.



2. Aínda cando a rede de saneamento e depuración sexa de sistema unitario “deseñado para o transporte das augas residuais e pluviais conxuntamente” as instalacións interiores executaranse de tal forma que as verteduras se realicen de forma independente ás arquetas respectivas, no caso que sexan obrigatorias, é dicir, separando as augas pluviais das augas residuais domésticas ou das augas residuais industriais.

3. O disposto no parágrafo anterior será igualmente esixible en aquelas edificacións existentes que sexan obxecto de obras de reconstrución, rehabilitación, consolidación e gran reparación.

Artigo 72. Execución de instalacións interiores. Bombeo de augas residuais

1. As instalacións interiores de saneamento serán executadas por un instalador ou instaladora autorizado/a polo organismo competente en materia de industria e axustaranse o disposto no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, ou normativa que o substitúa, e a normativa básica para instalacións interiores de saneamento.

En todo caso, non se atribuirá responsabilidade á xestora do servizo polo funcionamento normal ou anormal das instalacións interiores.

2. Sen prexuízo das facultades inspectoras dos organismos da administración, a xestora do servizo, por medio do seu persoal debidamente autorizado, poderá intervir, inspeccionar ou comprobar a execución dos traballos, materiais e operacións que se realicen nas instalacións interiores das persoas usuarias, co fin de constatar se foi executada segundo as normas e as prescricións deste regulamento e demais disposicións aplicables.

3. A persoa usuaria do servizo de saneamento e depuración de augas residuais estará obrigada a comunicarlle á xestora do servizo calquera modificación que realice na disposición ou características das súas instalacións interiores, achegando novamente un informe ou certificado de instalación interior que acredite que as instalacións cumpren cos requisitos técnicos e legais, emitido por persoa física ou xurídica instaladora de fontanaría, preferentemente que estea rexistrada no Rexistro de empresas instaladoras de fontanaría de Galicia.

4. As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa deberan ser completamente estancas.

5. Naqueles casos en que os desaugadoiros dunha unidade de edificación se atopen a cota inferior á do colector da rúa, as persoas propietarias instalarán ao seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar a vertedura á rede pública.

6. Se a instalación interior non se axusta ao indicado no presente artigo, non se permitirá vertedura e adoptaranse as medidas pertinentes.

Capítulo terceiro. Vertidos de augas residuais

Artigo 73. Finalidade do control de vertidos

A regulación da contaminación en orixe, mediante prohibicións ou limitacións nas descargas de verteduras, establécese coas seguintes finalidades:



a) Protexer a conca receptora, eliminando calquera efecto tóxico, crónico ou agudo, tanto para as persoas como para os recursos naturais e preservando a calidade do medio receptor tendo en conta os tipos de depuración.

b) Salvagardar a integridade e seguridade de persoas e instalacións da entidade xestora do servizo.

c) Prever toda anomalía nos procesos de depuración utilizados.

Artigo 74. Persoas usuarias obrigadas a solicitar permiso de vertedura

1. En función do tipo de persoa usuaria e da natureza das augas residuais que se incorporen á rede municipal de saneamento, están obrigados a solicitar o permiso de vertedura regulado neste Regulamento, as seguintes persoas usuarias:

a) As persoas usuarias non domésticos cuxa actividade estea comprendida nas correspondentes epígrafes da vixente CNAE-2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, equivalentes ás epígrafes C, D, E e F do CNAE-93, segundo os cadros de equivalencias entre a CNAE-93 e a CNAE-2009 elaborados polo Instituto Nacional de Estatística, así como aquelas outras non domésticas cuxa vertedura sexa superior a 2.000 metros cúbicos anuais.

b) As persoas usuarias cun volume de vertedura inferior a 2.000 metros cúbicos anuais, pero que orixinen contaminación especial nos termos do artigo 47.1.c) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

c) Todas as actividades que incorporen auga en proceso e/ou estean obrigadas pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

d) Os concellos cuxa rede de saneamento municipal verta á de propiedade deste Concello.

2. O resto das persoas usuarias cuxa actividade xere augas residuais domésticas quedarán automaticamente autorizados sen solicitude de permiso de vertedura previa, no momento que se formalice a correspondente póliza ou contrato de servizo de saneamento e depuración de augas residuais coa xestora do servizo, sempre que se cumpran as condicións establecidas neste regulamento.

Tendo en conta as finalidades do control de vertidos, prohíbense os seguintes usos do saneamento relacionados coas augas residuais domésticas:

a) Verter residuos sólidos susceptibles de xerar problemas de atascos ou mal funcionamento nas redes de saneamento como nos sistemas de depuración, tales como trapos, toallíñas húmidas e similares, algodóns, desmaquillantes, compresas e similares, bastonciños de algodón, preservativos, cabichas de tabaco, etc.

b) O uso de trituradores para eliminar restos de comida a través do sistema de saneamento, co obxecto de evitar o aumento da carga contaminante achegada ás augas residuais domésticas e a incorporación de produtos sólidos.

c) Verter medicamentos.

d) Verter aceites e graxas.

3. O titular do servizo poderalle esixir ao peticionario ou peticionaria a caracterización da vertedura por un laboratorio acreditado para determinar o tipo de persoa usuaria de que se trata.



4. As augas residuais procedentes de persoas usuarias non domésticos cuxas augas presenten graxas, aceites ou outro produto destas características deberán dispor do correspondente separador de graxas construído na forma axeitada para adecuar as verteduras aos límites considerados neste regulamento.

5. No caso de verteduras procedentes de colectores ou redes de saneamento doutros termos municipais, será titular e responsable da vertedura o titular da rede da que provén xusto antes do punto de entronque na rede ou no sistema de depuración. Estas verteduras terán consideración de augas residuais de carácter supramunicipal.

Artigo 75. Prohibicións e limitacións

1. Está completamente prohibido:

a) A vertedura á rede de saneamento das substancias relacionadas no anexo I do Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

b) A disolución para conseguir os niveis de emisión que permitan a vertedura á rede de saneamento excepto nos supostos de urxencia ou de perigo inminente e, en todo caso, previa comunicación ao Concello de acordo co disposto no artigo 87.

c) A vertedura de augas residuais ou calquera outro tipo de residuos dende camións cisterna ou doutro tipo, á rede de saneamento.

d) A vertedura á rede de saneamento de augas brancas cando poida adoptarse unha solución técnica alternativa por existir na contorna da actividade unha rede separativa ou unha canle pública.

e) A vertedura procedente de actividades agropecuarias e, en concreto, cortes e granxas, á rede de saneamento municipal. As augas residuais xeradas nesas actividades deberán ser xestionadas de acordo coa normativa de aplicación.

f) Aquelas sustancias que teñan a consideración de tóxico ou perigoso segundo a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Especificamente, con respecto aos talleres de automóviles, garaxes e similares, estarase obrigatoriamente ao disposto no Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados considerados por esta regulamentación como tóxicos e perigosos.

2. Limitacións á vertedura:

a) As verteduras industriais que conteñan sustancias das relacionadas no anexo II do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, deberán respectar as limitacións alí establecidas, sen que poida admitirse a disolución para conseguir os devanditos límites. O dito incumprimento implicará o disposto no artigo 9.2 do mencionado Decreto.

b) As actividades con verteduras que incorporen sustancias perigosas deberán cumprir os valores límite de emisión establecidos na normativa vixente en materia de augas.

c) Como norma xeral, o caudal de augas residuais verterase de forma distribuída ao longo do día. En todo caso, como norma xeral, os caudais máximos instantáneos non poderán superar o triplo do caudal medio diario autorizado. Esta limitación poderá variar, en función das posibilidades da rede e das estratexias de explotación do xestor do servizo, previa comunicación á persoa usuaria. A xe-



stora do servizo poderá obrigar a reducir ou regular o caudal da vertedura das industrias cando as condicións da rede ou as instalacións de depuración así o aconsellen, ou en casos en que este constitúa un grave risco para o sistema no seu conxunto, incluído o medio receptor. Poderá requirirse a imposición dun réxime de vertedura determinado, nun horario e cun caudal específico e a persoa usuaria deberá implantar os medios de almacenamento temporal, regulación e bombeo precisos. Esta obriga poderá ter carácter temporal, estacional ou permanente.

3. Deberá controlarse especialmente o caudal e a calidade do afluente no caso de limpeza ou baleirado dos tanques, peche por vacacións ou circunstancias análogas.

Artigo 76. Garantía de altura e caudal

A xestora do servizo está obrigada a tomar todas as medidas posibles para garantir a vertedura a altura da rasante da vía pública. Cando as condicións técnicas da vertedura (altura e/ou caudal) sexan insuficientes para as necesidades desta, a persoa usuaria deberá realizar pola súa conta as instalacións necesarias para a consecución das ditas condicións, utilizando para iso os sistemas e materiais homologados polos organismos competentes. De utilizarse materiais non incluídos na normativa técnica, estes deberán ser aprobados pola persoa titular do servizo e, a dita titular, se o considera necesario, poderá requirir previamente a xustificación da súa idoneidade á xestora do servizo.

Artigo 77. Permiso de vertedura

1. Entenderase por permiso de vertedura municipal aquel que ten por finalidade comprobar que a evacuación das augas residuais por medio da rede de saneamento municipal se acomoda ás normas establecidas e que a composición e características das augas residuais se manteñen dentro dos límites establecidos.

2. No caso de que a evacuación das augas residuais sexa ao dominio público hidráulico ou ao dominio público marítimo-terrestre, a autorización da vertedura corresponderá ao organismo de cunca ou á administración hidráulica competente.

3. O permiso de vertedura á rede de saneamento municipal outorgarao o Concello ás persoas usuarias indicadas no artigo 74.

4. O outorgamento do devandito permiso faculta aos mencionados usuarios e usuarias para realizar verteduras de augas residuais á rede de saneamento nas condicións que nel se establezan.

5. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido neste regulamento, e terá, con carácter xeral, excepto por razóns xustificadas debidamente motivadas, unha validez máxima de 8 anos, renovable por idénticos períodos, por consentimento expreso do titular do servizo e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no artigo 81. Nos supostos de actividades comprendidas no ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, a vixencia do permiso someterase ao prazo da autorización ambiental integrada.

6. Non se permitirá ningunha conexión á rede de saneamento municipal en tanto non se teñan efectuadas as obras ou instalacións especificamente determinadas, así como as modificacións ou



acondicionamentos técnicos que, á vista dos datos achegados na solicitude do permiso de vertedura, estableza o Concello. No caso de execución de novos colectores en viarios xa existentes as acometidas poderán executarse simultaneamente coa obra principal sempre e cando os particulares interesados cumpran co estipulado no presente regulamento. A posta en servizo das ditas acometidas virá determinada polo Concello en función da operatividade do sistema.

7. Os permisos de vertedura emitiranse con carácter intransferible.

8. O prazo máximo para ditar resolución será de 6 meses dende que se reciba a solicitude de permiso. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se ditará resolución, a solicitude de permiso de vertedura entenderase denegada. É dicir, o permiso de vertedura non se poderá entender outorgado por silencio administrativo

Artigo 78. Solicitude do permiso de vertedura

1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os/as titulares das actividades indicadas no artigo 74.1 deben solicitar do Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no anexo I deste regulamento.

2. Naqueles casos en que sexa necesario tratamento previo á conexión coa rede de saneamento, segundo o disposto no artigo 84, será necesaria a elaboración dunha memoria cos requisitos recollidos no mencionado artigo.

Artigo 79. Procedemento para a obtención do permiso de vertedura

1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, ou, de ser o caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.

4. De acordo cos datos achegados pola persoa solicitante, o órgano competente do Concello resolverá o que se indica a seguir:

a) Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixiadas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, a persoa interesada deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de saneamento pública e achegar, xunto coa súa solicitude, un estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. O titular do servizo obrigará á persoa solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.

b) Autorizar a vertedura de forma condicionada.

c) Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas neste regulamento.

5. En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.



6. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentárase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal.

Artigo 80. Contido do permiso de vertedura

O contido da resolución do outorgamento do permiso de vertedura axustarase ao disposto no artigo 13 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, e ademais poderanse incluír, os seguintes puntos:

- a) Datos de identificación do/a titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.
- b) Cualificación da persoa usuaria e tipoloxía das augas residuais.
- c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.
- d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.
- e) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban poñerse en práctica pola persoa titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa xestora do servizo para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.
- f) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura, seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.
- g) Calquera outra condición que o/a titular do servizo considere oportuna en razón das características específicas do caso.

Artigo 81. Revisión do permiso de vertedura

1. Sen prexuízo do disposto no Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, o permiso de vertedura ao sistema deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, cando se alteren substancialmente as circunstancias do momento da súa concesión, ou cando sobreveñan outras circunstancias que xustificarian a súa denegación ou a súa aprobación en termos diferentes.

2. En todo caso, procederase á revisión do permiso de vertedura nas seguintes circunstancias:

- a) Cando a carga contaminante vertida por unha actividade resulte significativa, en relación coa carga total tratada polo sistema de depuración, e poida dificultar a súa depuración nas condicións idóneas.
- b) Cando o efecto aditivo ou sinérxico das augas residuais de diferentes verteduras poida dificultar o tratamento do sistema nas condicións idóneas.
- c) Cando remate o período de vixencia de 8 anos ou o expresamente establecido conforme co sinalado no artigo 77.5 por razóns xustificadas debidamente motivadas.
- d) Cando se produza a aprobación da nova normativa básica ou sectorial ou modificacións da existente, que afecte ao estipulado neste regulamento.

3. A entidade xestora poderá modificar as condicións do permiso de vertedura cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento sexan alteradas ou sobreveñan outras que, de existir con anterioridade, terían xustificada a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos. Neste suposto, informarase á persoa usuaria con suficiente antelación das posibles modificacións e terá



dereito a formular as alegacións que considere oportunas. Neste caso, fixarase un prazo de adaptación que non excederá dun ano, a contar dende a aprobación da revisión.

En casos excepcionais de grave perigo para o medio ambiente, o órgano competente do Concello podería decretar a suspensión temporal ata que as ditas circunstancias sexan superadas.

5. Se a persoa titular do permiso non realiza as modificacións no prazo concedido, a entidade xestora declarará a caducidade do permiso, sen prexuízo da imposición das sancións oportunas.

6. En ningún caso a revisión do permiso de vertedura implica para a persoa titular, dereito a indemnización.

Artigo 82. Revogación do permiso de vertedura

O permiso de vertedura, previa audiencia da persoa titular, poderá ser revogado nos seguintes supostos:

a) Por petición da persoa titular do contrato, ao cesar a vertedura e, polo tanto, o requirimento do servizo.

b) Por incumprimento, por parte da persoa titular, do permiso e das obrigas que deste derivan, ou dos requirimentos efectuados para o seu cumprimento.

c) Cando a persoa titular do servizo perda o seu dominio de uso sobre o inmovible obxecto do contrato.

d) Por revogación, caducidade ou anulación da autorización ou licenza que permitía o desenvolvemento da actividade que causa a vertedura.

e) Por cambio de uso das instalacións para as que se outorgou o permiso de vertedura.

f) Por incumprimento por parte da persoa usuaria dos requirimentos efectuados pola persoa titular do servizo respecto ao tratamento previo das verteduras ou de reparación das instalacións para adecuar a vertedura ás condicións establecidas no correspondente permiso de vertedura.

g) Como consecuencia dunha sanción que leve implícita a perda do permiso.

h) A non aceptación ou incumprimento das modificacións do permiso de vertedura impostas como consecuencia dunha revisión.

i) Cando a persoa usuaria permita o uso das súas instalacións de vertedura a terceiros.

j) Cando se cese nas verteduras por un tempo superior a un ano.

Artigo 83. Dispensa do permiso de vertedura

1. Se non fose posible que as augas residuais que cómpre verter se manteñan dentro dos límites fixados neste regulamento, nin sequera mediante tratamentos previos, a persoa interesada deberá desistir na actividade que as produce ou adoptar as previsións necesarias, mediante a realización das obras ou instalacións precisas, para que as augas residuais non admisibles na rede de saneamento ou planta depuradora se almacenen e evacúen mediante outros medios a outro tipo de planta especial ou depósito de seguridade que garanta un idóneo destino final axustado á normativa vixente.

2. Para estes efectos, a persoa interesada deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de saneamento, e achegar á solicitude un estudo demostrativo da imposibilidade



de adecuar esa vertedura ao regulamento. Coa periodicidade que se determine ao dispensarlle a vertedura á rede pública municipal de saneamento, a persoa interesada deberá xustificar a súa situación en relación coa eliminación da vertedura.

Artigo 84. Tratamento previo á conexión. Instalacións de pretratamento

1. As augas residuais que non cumpran as limitacións que, para a súa vertedura á rede municipal de saneamento, se establecen neste regulamento deberán ser obxecto do correspondente tratamento previo pola persoa usuaria.

2. As instalacións necesarias para realizar o dito tratamento previo destas augas residuais formarán parte do sistema de saneamento privado, e definiranse suficientemente na solicitude do permiso de vertedura, tal como se cita no anexo I. A esta solicitude xuntarase a memoria redactada por persoal técnico competente que, en todo caso, certifique que a actividade cumpre coas condicións de funcionamento e impacto ambiental que fosen establecidas, especialmente as que se especifican de seguido:

- a) Que as estimacións efectuadas dos parámetros de vertedura á rede son válidas.
- b) Que as instalacións de tratamento e depuración están realizadas e son axeitadas.

Ademais, no caso de que se efectúe unha caracterización, esta deberá ser realizada por un organismo de control autorizado ou unha entidade colaboradora da Administración hidráulica, segundo a Orde MAM 985/2006, do 23 de marzo, que elaborará un informe que inclúa as medicións, inspeccións e análises realizadas.

A caracterización da auga residual é un proceso mediante o cal se definen e clasifican os distintos elementos desta. Realízanse dous tipos de análises: cualitativo e cuantitativo. A análise cualitativa consiste en definir as calidades físicas e biolóxicas da auga (olor, textura, turbiedade, cor, entre outros). A análise cuantitativa consiste en definir cales son os elementos exactos que se atopan na auga e en que cantidade están (cloro, amoníaco, fosfatos, entre outros). É un proceso que permite saber se a auga residual cumpre coa autorización outorgada.

3. Cando, excepcionalmente, varias persoas usuarias se unan para efectuar conxuntamente un tratamento previo das súas augas residuais, deberán obter un permiso de vertedura para o efluente final conxunto, con declaración de todos os usuarios que o compoñan. A responsabilidade do cumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura será da comunidade de usuarios e solidariamente de cada un deles. Neste caso, cada unha das persoas usuarias deberá instalar antes da confluencia das verteduras, seccións de control individuais para controlar e medir independentemente os efluentes.

4. En calquera caso, o permiso de vertedura quedará condicionado á eficacia do tratamento previo, de tal xeito que, se este non producise os resultados previstos, quedará sen efecto o dito permiso e prohibida a vertedura desas augas residuais á rede de saneamento municipal.

5. A persoa titular do permiso de vertedura queda obrigada a construír, explotar e manter pola súa conta todas aquelas instalacións de pretratamento que sexan necesarias. Todas as industrias, calquera que sexa a súa actividade, que estean autorizadas para verter, mesmo aquelas que realizan pretratamento, deberán colocar unha reixa de desbase (retención de los residuos sólidos de



maior tamaño contidos na auga residual) de 20 mm antes da vertedura á rede de saneamento e depuración.

Artigo 85. Censo de verteduras á rede municipal de saneamento

A entidade xestora levará un censo informatizado de verteduras de conformidade co disposto no artigo 17 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

Artigo 86. Vtereduras non canalizadas

1. Queda totalmente prohibido, salvo expresa autorización da persoa titular do servizo, a vertedura das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna, ou doutro tipo) á rede municipal de saneamento.

2. As verteduras á EDAR procedentes de sistemas non canalizados deberán ser autorizadas pola entidade xestora desta, de acordo coas regulamentacións técnicas que se adopten e, en todo caso, tendo en conta o sinalado no artigo 18 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, e sen prexuízo dos permisos e autorizacións esixibles segundo a normativa de residuos.

Artigo 87. Situacións de emerxencia

1. Ante unha situación de emerxencia, ben por accidente, fallo de funcionamento ou da explotación das instalacións da persoa usuaria, se produza verteduras prohibidas estarase ao disposto no capítulo III do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, así como ao presente artigo.

2. Na comunicación á xestora do servizo indicaranse, polo menos: substancias descargadas, volume aproximado descargado, horario no que se produciu a descarga e concentracións aproximadas das substancias vertidas.

3. Se durante o funcionamento dunha actividade se producise unha vertedura accidental, ou un fallo nas instalacións de tratamento previo que provoque un incumprimento dos límites de emisión do permiso de vertedura, a persoa titular da actividade deberá tomar as medidas axeitadas para minimizar o dano e comunicarlle o suceso á entidade xestora do servizo inmediatamente, cos datos relacionados no punto anterior e no prazo máximo de 48 horas seguintes ao suceso, a persoa titular do permiso de vertedura presentaralle á entidade xestora o informe esixido no Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

4. As actividades con risco potencial de producir vertidos accidentais ou de emerxencia deberán ter establecidos plans de emerxencia para minimizar os danos que se poidan producir nas instalacións de saneamento e depuración, así como no medio receptor, que se esixirán no propio permiso de vertedura e deberanse presentar coa solicitude.

5. Se por motivos de mantemento, reparación ou modificación das instalacións fose necesario incumprir puntualmente os parámetros do permiso de vertedura, a persoa titular do permiso deberalle solicitar previamente autorización a xestora do servizo para que tome as medidas axeitadas e así evitar afectar ás instalacións municipais de saneamento e depuración.

6. Se se producen danos sobre a rede municipal de saneamento como consecuencia das verteduras polas razóns expostas, procederase á súa valoración por parte da persoa titular do servizo conforme co establecido no artigo 107 do presente regulamento. Esta valoración comunicarse por



escrito á persoa titular da vertedura causante dos danos nun prazo non superior a trinta días naturais dende que comezaron a producirse.

7. Os custos das operacións orixinados como consecuencia das verteduras, serán aboados pola persoa usuaria causante do dano á xestora do servizo.

8. Sen prexuízo do establecido nas epígrafes anteriores, o Concello deberalle comunicar á administración competente e, se é o caso, aos tribunais de xustiza, os feitos e as súas circunstancias cando, as actuacións realizadas puxesen de manifesto a existencia de negligencia ou intencionalidade por parte da persoa titular da vertedura ou do persoal dependente dela, e exerceranse as accións pertinentes para determinar en cada caso a responsabilidade en que puidesen incorrer e o correspondente resarcimento dos danos e perdas producidos como consecuencia do incumprimento deste regulamento.

Artigo 88. Inspección e control das verteduras

1. Todas as cuestións relativas á inspección e control (toma de mostras) derivadas do cumprimento do previsto neste regulamento regularanse de conformidade co capítulo IV do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, e o disposto neste artigo.

2. A inspección non poderá investigar os procesos de fabricación, salvo aqueles particulares que teñan unha relación directa co tipo e causa da vertedura na rede ou co seu sistema de tratamento.

3. A propia inspección poderá acceder a aquelas propiedades privadas sobre as que o Concello da Merca manteña algunha servidume de paso de augas co fin de levar a cabo os servizos de inspección, reparación, limpeza e mantemento de calquera parte da instalación da rede que estea situada dentro dos límites da dita servidume.

Artigo 89. Autocontrol das verteduras

1. Nos casos en que, de conformidade co artigo 80, o permiso de vertedura esixa á persoa titular do permiso ter un plan de autocontrol, este estará á disposición da xestora do servizo e do persoal inspector, no que constarán: a periodicidade dos autocontrois, o lugar en que se tomaron as mostras, a data en que se realizou a toma e as determinacións analíticas, así como calquera outro dato que se considere procedente solicitar. Se así fose establecido no permiso de vertedura, a persoa titular do permiso presentará periodicamente un informe sobre o efluente vertido.

2. A toma das mostras e a práctica das análises que se especifiquen no propio permiso para verificar que non se superan as limitacións establecidas, cumprirán cos requisitos establecidos nos artigos 31 e 32 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

3. Os resultados das análises deberanse conservar polo menos durante tres anos.

4. Para os efectos de que as persoas usuarias non domésticas poidan levar a cabo estes controis cando o indique o seu permiso de vertedura, ou cando se o solicite a xestora do servizo, deberán dispor dun equipamento de medida de caudal e dun equipamento de toma de mostras automático, situados na sección de control, que permitan obter unha mostra representativa da vertedura. A dita mostraxe realizará, como mínimo, unha toma de mostras durante un período de tempo representativo das actividades da empresa, que teña tamén en conta actividades especiais ou singulares, equivalente a unha xornada laboral completa.



5. A análise das mostras deberá ser realizada mediante metodoloxía oficial nun laboratorio externo acreditado, segundo os requisitos establecidos nas normas da serie UNE-EN ISO/IEC 17025, ou nas que no futuro as substitúa, que sexa de aplicación en función do seu ámbito de actuación e/ou rexistrado pola Administración.

6. No caso de que non exista medición de caudal vertido, tomarase como dato do caudal o valor da auga consumida. No caso de existiren diferencias significativas, a persoa titular da vertedura deberá instalar un equipamento de medida homologado para a medida do efluente.

7. A persoa titular do servizo poderá solicitar a instalación, na citada sección de control, das sondas e equipamentos automáticos de medición en continuo da vertedura que se consideren necesarios para un autocontrol efectivo. Poderá esixirse a realización de controis en continuo naqueles puntos de vertedura cando se advirtan afeccións negativas na contorna ou se presuma, razoadamente, que os resultados dos controis periódicos establecidos non garanten unha representatividade suficiente dos niveis de emisión reais. Os equipamentos analizadores online de parámetros de contaminación que se empreguen para o control en continuo das verteduras deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Proporcionar resultados reproducibles e comparables.

b) Dispor dun certificado oficial de homologación para a medida de concentración do contaminante que analicen. Este certificado terá que ser outorgado por algún dos organismos oficialmente recoñecidos nos estados membros da Unión Europea ou, cando haxa reciprocidade, en terceiros países.

c) Estar calibrados e situados de acordo co que prevexan as normas europeas (EN); en ausencia destas, nas normas UNE; e, en ausencia destas outras, nas normativas internacionais.

Artigo 90. Cuantificación de caudais do servizo

1. A medición de caudais de vertedura realizarase como norma xeral de maneira indirecta, en función da cantidade de auga potable utilizada polo usuario, medida en m3.

2. Como regra xeral considérase, por razóns prácticas, que os caudais vertidos son idénticos aos caudais rexistrados polo servizo de abastecemento de auga.

De forma excepcional, cando a persoa usuaria non dispoña do servizo de abastecemento de auga potable municipal ou o dispoñan pero ademais se abasteza ou utilice auga doutras procedencias, e efectúe verteduras á rede municipal de saneamento e depuración, o seu caudal determinase da forma prevista na ordenanza municipal correspondente.

A persoa titular do servizo poderá esixir á persoa usuaria a instalación de medidores específicos do caudal vertido, así como outros instrumentos e medidas de control de contaminación nos casos en que non exista seguridade ou fiabilidade respecto aos datos ou estimacións achegados pola persoa usuaria.

Título IV.- Prestacións patrimoniais públicas

Artigo 91. Principios xerais

1. A entidade titular dos servizos de abastecemento e saneamento e depuración esixirá as prestacións patrimoniais que lles correspondan de acordo co previsto na normativa que lles sexa



de aplicación e tendo en conta o principio da recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais e, en particular, de conformidade co principio de que quen contamina paga.

2. A obrigabilidade dos servizos públicos do CIA para as persoas propietarias das unidades de edificación definidas no artigo 20 deste regulamento que estean a menos de 50 metros dunha rede do sistema público do CIA, implica que contribuirán ao sostemento dos devanditos servizos públicos a través de prestacións patrimoniais públicas que se regulen na correspondente ordenanza municipal.

Artigo 92. Natureza da prestación patrimonial pública

1. Para os efectos deste regulamento, son prestacións patrimoniais de carácter público aquelas contraprestacións económicas a cobrar ás persoas abonadas ou usuarias pola prestación dos servizos ou realización das actividades obxecto deste Regulamento, nos que conflúen tres aspectos esenciais:

- Estar suxeitas ao principio de reserva de Lei: soamente poderán establecerse aquelas conson-te coa Lei, é dicir, mediante regulamento ou ordenanza poderase desenvolver os criterios estable-cidos pola lei ou aqueles que a lei habilite.

- Ter carácter coactivo: aquelas prestacións que sexan consecuencia dunha obriga legal, senón tamén aquelas nas que o ben, a actividade ou o servizo público sexa indispensable para satisfacer necesidades básicas das persoas, así como aqueles servizos prestados por entes públicos en ré-xime de monopolio (no existe sector privado).

- Ter finalidade de interese público: ter un interese necesario para a sociedade no seu conxunto e para os individuos que a integran, por riba de intereses privados, e cuxa realización considérase beneficioso para a comunidade.

2. De conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 58/2023, do 17 de decembro, xeral tributaria, o artigo 20 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a disposición adicional cuadraxésima terceira da LCSP e a doutrina constitucional, a natureza xurídica das contraprestacións económicas a cobrar ás persoas abonadas ou usuarias pola prestación dos servizos ou realización das actividades obxecto deste Regulamento será a seguinte:

a) Se a prestación do servizo é realizada pola entidade local cos seus propios medios, terá a natureza de prestación patrimonial pública tributaria, e definirase na figura de taxa.

b) Se a prestación do servizo é realizada de forma directa por personificación privada (entidades públicas empresariais, sociedades mercantís de capital integramente pública) ou ben por xestión indirecta en réxime de concesión ou sociedades de economía mixta (concesionarios de servizos, adxudicatarios de contratos do artigo 312 da LCSP) terá a natureza de prestación patrimonial públi-ca non tributaria (en diante PPPNT), e definirase na figura de tarifas.

3. As taxas teñen carácter tributario e a súa finalidade é soste o gasto público do servizo público que se presta. O seu importe non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida.



Para a determinación do devandito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa.

4. Entenderase por cota tributaria a cantidade de diñeiro que corresponde pagar a un suxeito pasivo pola realización do feito imponible da taxa (prestación dos servizos ou realización das actividades obxecto deste regulamento), de acordo coa aplicación dos elementos de cuantificación previstos na normativa do tributo.

A cota tributaria consistirá, segundo dispoña a correspondente ordenanza municipal, en:

- a) A cantidade resultante de aplicar unha tarifa.
- b) Unha cantidade fixa sinalada para o efecto.
- c) A cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos os procedementos.

Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas.

5. As PPPNT non teñen carácter tributario e, polo tanto, a súa finalidade non é a do sostemento do gasto público; non son ingresos públicos (non integran un orzamento público), están suxeitas ao principio de reserva de Lei, son coactivas e teñen unha inequívoca finalidade de interese público.

6. As prestacións patrimoniais de carácter público regularanse mediante a preceptiva ordenanza municipal.

Artigo 93. Obxecto e periodicidade da facturación

1. As cantidades a facturar pola xestora do servizo polos conceptos que procedan en función da tipoloxía de uso, servizo e dos consumos facturables pola prestación dos servizos do CIA, así como os inherentes aos ditos servizos, calcularanse aplicando as prestacións patrimoniais públicas reguladas na ordenanza municipal para cada un dos conceptos recollidos nesta.

2. Os consumos factúranse por períodos de prestación vencidos e coa periodicidade establecida na correspondente ordenanza municipal. O primeiro período computarase dende a data de posta en servizo da instalación e o último período ata a baixa do servizo. No caso de servizos eventuais de curta duración, pódese admitir a liquidación previa dos consumos estimados.

3. Os impostos que recaían sobre o prezo final dos servizos non constitúen un elemento máis do sistema.

Artigo 94. Recibos ou facturas

1. A xestora do servizo especificará, nos seus recibos ou facturas, a desagregación do sistema de prestacións patrimoniais aplicable, fixando claramente todos e cada un dos conceptos de facturación. Confeccionarase un recibo para cada unidade de edificación, independentemente que a persoa abonada ou usuaria fixera ou non uso do servizo.

Nas facturas ou recibos emitidos deberán constar, ademais, os datos identificativos da persoa abonada e domicilio dos servizos, lecturas de contador, importe dos servizos e tributos que se repercutan, domicilio e prazo de pago, e datos da entidade xestora do servizo a onde dirixirse para



solicitar información ou efectuar reclamacións, e outros que a xuízo da entidade xestora fosen convenientes para a súa mellor comprensión por parte da persoa abonada.

2. Os impostos, taxas, arbitaxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse polo Estado, provincia, municipio ou calquera administración pública, que graven as prestacións de calquera dos servizos, así como calquera outra circunstancia relacionada con estes, serán por conta da persoa abonada.

Artigo 95. Servizos inherentes aos servizos do ciclo integral da auga

Poderanse establecer mediante a correspondente ordenanza municipal polo órgano competente do Concello da Merca as seguintes prestacións patrimoniais públicas por aqueles servizos inherentes aos servizos públicos do CIA, realizados pola entidade xestora destes últimos:

1. Dereitos de acometida.- Son as prestacións patrimoniais que deberán satisfacer as persoas solicitantes dunha conexión ao servizo de abastecemento de auga. Con elas retribúense os servizos administrativos e/ou de execución de acometidas do dito servizo. Aboaranse unha única vez e quedarán adscritos a cada terreo, edificio, vivenda, local ou industria (exceptuando as acometidas temporais) para os que se aboaron, aínda cando cambie a persoa propietaria ou abonada ou usuaria desta.

2. Alta (sen/con instalación de contador), reenganches e baixas nos servizos do ciclo integral da auga.- Son as prestacións patrimoniais que deberán satisfacer as persoas solicitantes dunha alta, reenganche e baixa do servizo, retribuíndo a prestación dos servizos administrativos de contratación do servizo e, no seu caso, retribuíndo a instalación do equipo de medida correspondente.

3. Servizo de corte de subministro por fuga de auga.- Son as prestacións patrimoniais que deberán satisfacer as persoas abonadas do servizo, retribuíndo a prestación dos servizos administrativos de aviso á propiedade da existencia da devandita fuga, de corte do subministro e, no caso de ser necesario, de instalación da chave de rexistro.

4. Mediante ordenanza municipal poderase repercutir o servizo de corte de subministro por fuga e/ou instalación de chave de rexistro á persoa abonada mediante a correspondente prestación patrimonial.

5. Servizo de mantemento, conservación e reposición de equipos de medida.- Son as prestacións patrimoniais que deberán satisfacer as persoas usuarias polo servizo de mantemento, conservación e, de conformidade co artigo 58 deste regulamento, a reposición do contador, realizado pola entidade xestora do servizo, cando se atribúa a prestación deste servizo a esta última.

6. Servizo de verificación de equipos de medida.- Son as prestacións patrimoniais que deberán satisfacer as persoas solicitantes deste servizo, retribuíndo os gastos que xere a retirada do equipo, a súa colocación e a verificación e precintado por parte do organismo competente.

7. Permiso de vertedura.- Son as prestacións patrimoniais que deberán satisfacer as persoas solicitantes do outorgamento dun permiso de vertedura, retribuíndo a prestación dos servizos administrativos de tramitación do dito permiso.

8. Servizo de desatasco.- Son as prestacións patrimoniais que deberán satisfacer as persoas solicitantes deste servizo, retribuíndo a prestación do servizo de desatasco nas acometidas á rede de saneamento.



Artigo 96. Forma de pagamento dos recibos e outros servizos específicos

1. A persoa abonada ou usuaria poderá efectuar o pagamento dos importes facturados pola xestora do servizo mediante domiciliación bancaria, ou ben, transferencia bancaria á conta de recadación sinalada por aquela, non estando permitido o pagamento en efectivo en oficinas municipais. O aboamento dos recibos periódicos do servizo efectuarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria.

2. Os recibos non pagados, unha vez transcorrido o prazo de pagamento voluntario, serán obxecto de constrinximento, tal como dispón a lexislación tributaria que resulte de aplicación. Poderase aplicar ao importe o xuro legal correspondente sen prexuízo das accións legais que procedan para facer efectiva a débeda non satisfeita.

3. No caso de devolución de recibos domiciliados polas entidades bancarias, por causas imputables á persoa abonada ou usuaria, serán por conta desta última a totalidade dos gastos que se produzan por motivo da devandita devolución bancaria e xestións de cobro requiridas pola devandita falta de pagamento.

Artigo 97. Canons por investimentos

Entenderase canon por investimentos aos efectos deste regulamento, á recarga que, independentemente das contraprestacións a cobrar ás persoas usuarias ou abonadas pola prestación dos servizos ou realización das actividades obxecto deste regulamento, se establece para facerlle fronte aos investimentos en infraestruturas da rede municipal do CIA e, no seu caso, aos custos financeiros que xere este. Este ingreso terá carácter finalista para o servizo, e recibirá un tratamento diferente aos conceptos da explotación. Os canons por investimentos aprobaranse polo órgano competente.

Título V. Infraccións, sancións, medidas correctoras e danos causados

Capítulo 1. Xestión de fraudes

Artigo 98. Inspección dos servizos e procedemento de xestión de fraudes

1. A xestora do servizo está autorizada a vixiar as condicións e forma en que as persoas abonadas ou usuarias utilizan os servizos do ciclo integral da auga. Para tal fin, a xestora do servizo poderá solicitar e propoñer o nomeamento de inspectores, os cales obterán o nomeamento de inspector autorizado, expedido pola persoa titular do servizo.

2. Detectada unha anomalía, o persoal inspector precintará, se é posible, os elementos inherentes á fraude, levantando acta na que fará constar: nome do titular, propietario ou persoa que ocupa a vivenda, localización do servizo e hora da visita, descrición das anomalías observadas e elementos de proba, se existen. Unha copia desta acta, asinada pola inspección, entregáraselle á persoa identificada na acta.

O persoal inspector, se é posible, deberá convidar ao abonado ou usuario para que presencie a redacción da acta e firme a acta, dándolle a oportunidade de incluír as alegacións que considere oportunas. A negativa a facelo non lle afectará á tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. Posteriormente, nas corenta e oito horas seguintes, a persoa abonada ou usuaria poderá presentarlle as alegacións que estime oportunas á entidade xestora do servizo.



O persoal inspector, á vista das anomalías presentadas, poderá efectuar o corte inmediato da subministración do servizo.

3. A xestora do servizo, á vista da acta redactada polo inspector, e das posibles alegacións, comunicará ao titular do contrato ou na súa falta, ao propietario ou ao usuario identificado na acta, a irregularidade detectada e requirirase para que corrixa as deficiencias observadas co apercibimento de que de non levalo a efecto no prazo de cinco días hábiles, aplicárase o procedemento de suspensión de corte, se non procedeu o corte inmediato.

Mentres a persoa abonada non proceda á restauración da legalidade da súa instalación, non poderá dispor da subministración do servizo.

4. Cando o persoal da xestora do servizo encontre derivacións nas súas redes con utilización do servizo sen contrato, é dicir, realizadas clandestinamente sen rexistro de contador, ou uso do servizo sen contrato vixente, o devandito persoal efectuará o corte inmediato da subministración do servizo en tales derivacións.

5. Se ao ir realizar o persoal facultativo a comprobación dunha denuncia por fraude negáraselle a entrada no domicilio dunha persoa abonada ou usuaria, a xestora do servizo quedará autorizada para suspender a subministración.

Artigo 99. Fraudes no servizo de abastecemento de auga

A entidade xestora do servizo considerará como fraude as seguintes situacións:

a) Que non existise póliza ou contrato de servizo escrito para o uso do servizo de abastecemento de auga.

b) Que o equipo de medida, por calquera acción ou procedemento, fora manipulado ou alterado o seu rexistro, para falsear os datos proporcionados por estes e prexudicar os intereses do servizo. A modo de exemplo, e sen carácter exhaustivo: levantar os contadores instalados sen autorización da entidade xestora; romper os precintos, o cristal ou a esfera destes; desnivelalos, interrompelos ou paralos.

c) Que se realizasen ramais ou derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida, para o uso fraudulento da auga.

d) Que se utilice a auga potable para usos distintos dos contratados, falseando a declaración de uso da subministración para inducir á entidade xestora a facturar menor cantidade da que deba satisfacer pola subministración.

e) Que se utilice a auga para revendela ou ceder auga a vivendas que carezan do servizo aínda que non constitúa revenda.

Artigo 100. Liquidación por fraude no servizo de abastecemento de auga

1. A entidade xestora do servizo, tras a detección e verificación da fraude, con independencia da posible sanción administrativa, practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:



Caso a.- Formularase unha liquidación por fraude que consistirá en multiplicar o caudal de referencia (Qref) do contador (expresado en metros cúbicos por hora), o cal é definido polo fabricante e que figura impreso no contador, polo tempo que se estime que durou a fraude, expresado en horas.

O tempo de duración da fraude calcularase como o número de días (N) que se considere que durou a fraude, multiplicado polas horas ao día que se estime fose utilizada a auga cun método de defraudación sobre o contador, sen que poida estenderse, en total, máis dun ano.

O número de días calcularase entre o inicio da fraude ou a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das anteditas instalacións, e o momento no que reparase a existencia da fraude detectada; e o tempo de uso diario establécese en tres horas ao día (3 h/día).

Polo que o volume defraudado será o resultado da seguinte ecuación:

$$\text{Volume defraudado (m}^3\text{)} = \text{Qref (m}^3\text{/h)} \cdot \text{N (días)} \cdot 3 \text{ (h/día)}$$

O volume defraudado resultante facturarse segundo o disposto na ordenanza municipal.

Caso b.- Neste suposto, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a mesma ecuación que no caso anterior, computándose o tempo a considerar en tres horas diarias para os usos domésticos e cinco horas diarias para outros usos, dende a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo exceda de ano e medio, descontándose os consumos que durante ese período de tempo fosen abonados pola persoa autora da fraude.

Caso c.- Neste suposto, liquidarase como no caso primeiro.

Caso d.- Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor da entidade xestora do servizo, aplicándolle ao consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período lle correspondese ao uso real que se lle está dando á auga, e as que, no dito período, se aplicaron baseándose no uso contratado. O dito período non poderá ser computado en máis de ano e medio.

Caso e.- Aplicarase unha liquidación do 20% sobre a contía da auga efectivamente vendida ou cedida. Estimando, a falta doutros datos, un período diario de seis horas de uso da auga segundo o caudal de referencia (ou na súa falta en base ao diámetro da acometida ou tubaxe de alimentación).

3. En todos os casos, o importe da fraude deducida conforme cos preceptos establecidos nos devanditos parágrafos, estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutibles.

4. Todos os traballos que se desprendan como consecuencia da instrución do expediente de fraude (inspeccións, xestión do expediente e corrección da anomalía, etc.) ata a regularización en firme deste, correrán por conta da persoa que cometese esa fraude.

5. As liquidacións que formule a entidade xestora do servizo, seranlle notificadas ás persoas interesadas e, contra elas, poderán formular alegacións ante aquela, no prazo de quince días a contar desde a notificación da devandita liquidación, sen prexuízo das demais accións de que se consideren asistidos.

6. As alegacións das persoas abonadas non paralizarán o pagamento das facturacións ou liquidacións obxecto destas; non obstante, cando a alegación se formule por desconformidade coa contía facturada polo servizo, a persoa abonada terá dereito a que non se lle cobre o exceso obx-



ecto de desconformidade. Unha vez resolta a reclamación, a entidade xestora do servizo, en base á cantidade satisfeita polo cliente, realizará a correspondente liquidación.

7. Con independencia do corte do servizo e das liquidacións oportunas practicadas por consumo defraudado, poderán establecerse as sancións que correspondan de acordo coas disposicións establecidas neste regulamento.

8. Cando a fraude puidese revestir carácter de delito ou falta, sen prexuízo de aplicarlle a sanción administrativa que lle corresponda, darase conta del á xurisdición competente para que, no seu caso, se lle esixa a responsabilidade criminal a que dese lugar.

Artigo 101. Fraudes no servizo de saneamento e depuración

A entidade xestora do servizo considerará como fraude as seguintes situacións:

a) Que non existise póliza ou contrato de servizo escrito para o uso do servizo de saneamento e depuración de augas residuais, e exista a vertedura.

b) Que, por calquera procedemento, se manipule ou altere o rexistro do equipo de medida, ou non existise cando fora preceptivo.

c) Que se realicen derivacións na instalación para evacuación de augas residuais doutros inmo-
bles non consignados no contrato xa sexan propios ou de terceira persoas.

d) Que se efectúen verteduras distintas das contratadas e que afecten á facturación segundo a tarifa que se lle aplique, como consecuencia de ocultar o falsear datos.

Artigo 102. Liquidación por fraude no servizo de saneamento e depuración de augas residuais

1. A entidade xestora do servizo, tras a detección e verificación da fraude, con independencia da posible sanción administrativa, practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

Caso a.- Se non existe contrato para a vertedura:

a) Se existe contrato de abastecemento de auga, o volume defraudado será o caudal estimado de maneira indirecta por aplicación da ecuación formulada no caso a) do artigo 100.1 deste regu-
lamento.

b) Se non existe contrato de abastecemento de auga, formularase unha liquidación por un caudal estimado a partir dos seguintes valores:

i. Abonada doméstica: 40 m³/mes.

ii. Abonada industrial: 100 m³/mes.

O período de tempo para calcular os caudais estimados será o que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas e o momento en que se corrixa a existencia da fraude detectada, sen que poida estenderse en total máis de catro anos.

Caso b.- Neste suposto, tomarase como base para a liquidación o disposto no caso primeiro, des-
contándose os consumos que durante ese período de tempo fosen abonados polo autor da fraude.

Caso c.- Se a fraude se efectuase mediante derivacións na instalación para evacuación de augas
residuais, liquidarase como no caso primeiro.



Caso d.- Se se efectúan verteduras distintas das contratadas de xeito que se vexa afectada a facturación porque corresponden a outra tarifa, a liquidación practicarase aplicándolle á cantidade de auga a diferenza existente entre as dúas tarifas. O período de liquidación non poderá exceder dun ano.

2. En todos os casos, o importe da fraude deducida conforme cos preceptos establecidos nos devanditos parágrafos estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutibles.

3. Todos os traballos que se desprendan como consecuencia da instrución do expediente de fraude (inspeccións, xestión do expediente e corrección da anomalía, etc.) ata a súa regularización en firme, correrán por conta da persoa que cometese esa fraude.

4. As liquidacións que formule a entidade xestora do servizo, seranlle notificadas ás persoas interesadas e, contra elas, poderán formular alegacións ante aquela, no prazo de quince días a contar desde a notificación da devandita liquidación, sen prexuízo das demais accións de que se consideren asistidos.

5. As alegacións das persoas abonadas non paralizarán o pagamento das facturacións ou liquidacións obxecto destas; non obstante, cando a alegación se formule por desconformidade coa contía facturada polo servizo, a persoa abonada terá dereito a que non se lle cobre o exceso obxecto de desconformidade. Unha vez resolta a reclamación, a entidade xestora do servizo, en base á cantidade satisfeita polo cliente, realizará a correspondente liquidación.

6. Con independencia do corte do servizo e das liquidacións oportunas practicadas por consumo defraudado, poderán establecerse as sancións que correspondan de acordo coas disposicións establecidas neste regulamento.

7. Cando a fraude puidese revestir carácter de delito ou falta, sen prexuízo de aplicarlle a sanción administrativa que lle corresponda, darase conta deste á xurisdición competente para que, no seu caso, se lle esixa a responsabilidade criminal a que dese lugar.

Capítulo 2. Infraccións e sancións

Artigo 103. Réxime xurídico

1. As accións e omisións que contraveñan o establecido neste regulamento xerarán responsabilidade administrativa, sen prexuízo da civil ou penal que, se é o caso, puidese ser esixible.

2. As accións ou omisións que provocasen, directa ou indirectamente, afección á calidade das augas no dominio público hidráulico ou no dominio público marítimo-terrestre serán constitutivas das infraccións que para o efecto prevé a lexislación vixente en materia de augas, e serán sancionadas polos órganos administrativos que teñan atribuídas tales competencias.

3. Para a fixación da correspondente responsabilidade, teranse en conta as seguintes regras:

a) Cando existan varios responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción, a responsabilidade esixirase solidariamente.

b) Cando os danos se produzan pola realización de diversas actividades efectuadas por distintas persoas usuarias, poderase imputar individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos, sempre que fose posible coñecer o grao de implicación de cada unha.



c) Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, tales como limpeza, mantemento e conservación de instalacións comúns, a responsabilidade esixiráselle á correspondente comunidade, se a houbese, e, se non, esixirase solidariamente.

4. O réxime de infraccións e sancións relativas aos servizos do ciclo integral da auga, o réxime de medidas cautelares, así como o de valoración e reparación do dano causado é o previsto no título VII da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no capítulo VI do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, así como nos artigos seguintes ao amparo do disposto no artigo 92 da Lei 9/2010, do 4 de novembro.

5. A facultade para instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións do presente regulamento e adoptar as medidas complementarias, cautelares ou correctoras que sexan necesarias corresponde ao órgano competente do titular do servizo. Contra a resolución ditada polo órgano competente poderá interporse recurso administrativo de reposición no prazo dun mes contado desde a notificación ou publicación do acto que se trata de impugnar, entendéndose desestimado se transcorrido un mes desde a súa interposición non se lle notificou ao recorrente a súa resolución.

6. O procedemento será o regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de conformidade cos principios de potestade sancionadora recollidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das competencias que na materia exerzan os organismos competentes da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, da Administración xeral do Estado.

Artigo 104. Tipificación das infraccións

1. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves. Consideraranse infraccións de carácter leve.

a) Os incumprimentos dos deberes e obrigacións das persoas abonadas ou das prohibicións específicas establecidas no presente regulamento, excepto as cualificadas como graves ou moi graves nos seguintes apartados do presente artigo.

b) As accións ou omisións que causen danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos elementos das redes municipais do ciclo integral da auga, xa sexan por dolo ou imprudencia, a condición de que a valoración do dano non supere os 5.000 euros.

c) Utilizar a rede de abastecemento de auga e de saneamento e depuración de augas residuais sen ter subscrito o preceptivo contrato ou póliza.

d) A desatención dos requirimentos municipais nas materias reguladas polo presente regulamento.

2. Consideraranse infraccións graves:

a) Manipular as chaves de paso situadas na vía pública sen autorización da entidade xestora do servizo.

b) Introducir modificacións ou realizar ampliacións nas instalacións interiores, sen comunicala xunto coa documentación esixida.

c) Utilizar a rede de abastecemento de auga e de saneamento e depuración de augas residuais sen ter subscrito o preceptivo contrato ou póliza, e negarse á súa subscrición a requirimento do Concello.



d) Realizar calquera tipo de manipulación dunha acometida dos servizos de abastecemento de auga e/ou de saneamento e depuración de augas.

e) A realización de verteduras de sustancias prohibidas ou non autorizados ás redes públicas, así como os realizados contravindo as limitacións impostas polo presente regulamento ou as correspondentes autorizacións de vertedura, a condición de que a valoración do dano ao sistema de saneamento e depuración de augas residuais non supere os 30.000 euros.

f) A ocultación ou falseamento dos datos esixidos na solicitude de autorización de vertedura ou de conexión aos servizos do CIA.

g) Executar acometidas clandestinas; ou sen cumprir previamente os requisitos previstos neste regulamento, no caso do servizo de saneamento e depuración de augas residuais.

h) Quitar ou manipular o equipo de medida sen autorización do Concello; romper os precintos colocados polo titular do servizo, por Augas de Galicia, ou outros organismos públicos competentes, o cristal ou a esfera destes; desnivelalos, interrompelos ou paralos, e, en xeral, toda acción que tenda a falsear o rexistro do consumo realizado e a prexudicar, por tanto, os intereses do servizo.

i) Modificar os accesos ou localización do equipo de medida sen autorización da entidade xestora do servizo.

j) Dificultar as tarefas de xestión ou inspección do persoal da persoa titular do servizo ou de Augas de Galicia, xa sexa impedindo, dificultando ou restrinxindo as visitas ou ben ameazando ou intimidando a este persoal.

k) Realizar ou permitir realizar, ramais, derivacións ou enxertos na instalación interior particular para a subministración de auga, xa sexa temporal ou permanentemente, para uso propio ou de terceiros, a outros locais, terreos ou vivendas diferentes ás consignadas para o servizo.

l) Cando exista negligencia da persoa abonada ou usuaria respecto da reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificado por escrito pola entidade xestora, transcorre o prazo sinalado na notificación sen que a avaría fose emendada.

m) Revender a auga a terceiros, mesmo aos propietarios, arrendatarios ou outros ocupantes de locais ou vivendas non consignadas no contrato ou póliza.

n) As accións ou omisións causen danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos elementos das redes municipais do ciclo integral da auga, xa sexan por dolo ou imprudencia, a condición de que a valoración do dano supere os 5.000 euros e ata os 30.000 euros.

o) A reiteración de tres infraccións leves nun ano.

3. Consideraranse infraccións moi graves:

a) Realizar ou permitir realizar, ramais, derivacións ou enxertos antes do contador ou aparello de medición para a subministración de auga, xa sexa temporal ou permanentemente, para uso propio ou de terceiros, a outros locais, terreos ou vivendas diferentes ás consignadas para o servizo.

b) Realizar calquera tipo de manipulación da rede municipal de auga potable ou saneamento.

c) Introducir na rede municipal, sexa ou non accidentalmente, augas de distinta procedencia ou composición que a subministrada polo Concello.



d) As accións ou omisións que causen danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos elementos das redes municipais do ciclo integral da auga, xa sexan por dolo ou imprudencia, a condición de que a valoración do dano supere os 30.000 euros.

e) A realización de verteduras de sustancias prohibidas ou non autorizadas ás redes públicas, así como as realizadas contravindo as limitacións impostas polo presente regulamento ou as correspondentes autorizacións de vertedura, a condición de que a valoración do dano ao sistema de saneamento e depuración de augas residuais supere os 30.000 euros.

f) A utilización da acometida dunha leira para efectuar a vertedura doutra, sen autorización previa e expresa por parte do Concello.

g) Realizar derivacións ou acometidas ás redes municipais de abastecemento ou saneamento clandestinas.

h) A reincidencia na comisión de dúas ou máis infraccións graves no período dun ano.

Artigo 105. Cuantificación das sancións

1. As citadas infraccións, sen prexuízo da supresión inmediata do servizo, de conformidade co artigo 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, e o Decreto 141/2012, do 21 de xuño, darán lugar á imposición de sancións que respectarán as seguinte contías:

a) Infraccións leves: multa dende 300,00 ata 1.500,00 euros.

b) Infraccións graves: multa de 1.500,01 ata 3.000,00 euros.

c) Infraccións moi graves: multa de 3.000,01 ata 10.000,00 euros.

2. Teranse en consideración como circunstancias modificadoras da responsabilidade a efectos de gradación das sancións, as seguintes:

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración, así como o grao de participación nos feitos do infractor e o beneficio obtido por este motivo da infracción administrativa.

b) A natureza dos prexuízos causados, atendendo á gravidade do dano derivado da infracción, á alteración causada e ao grao de afectación que a dita infracción tivese na saúde e seguridade das persoas.

c) A reincidencia, por comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, se foi declarada por firme resolución na vía administrativa.

Na proposta de resolución do expediente sancionador deberá xustificarse expresamente a concorrencia e a aplicación das mencionadas circunstancias que modifican a responsabilidade.

Con carácter xeral, considerarase atenuante que a persoa infractora exprese o seu arrepentimento espontáneo e voluntario, cando este se manifeste no recoñecemento dos feitos e na dilixente adopción de medidas correctoras para mitigar o dano en principio causado.

Será agravante que na conduta da persoa infractora se aprecie unha especial vontade ou actitude tendente a agravar o dano inicialmente causado, ou que da falta de colaboración ou axuda para a súa reparación ou mitigación se orixine un dano maior do inicialmente previsto.



3. En ningún caso a imposición dunha sanción pode ser máis beneficiosa para o responsable que o cumprimento das normas infrinxidas, de acordo co establecido no artigo 29.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. No suposto de concorrencia de infraccións administrativas, imporase a sanción mais elevada susceptible de aplicación.

Artigo 106. Medidas cautelares

Mediante resolución motivada poderán adoptarse, en calquera momento do procedemento sancionador, medidas cautelares dirixidas a asegurar a eficacia da resolución final que puidera recaer, para o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e, en xeral, calquera afección negativa do interese público. Estas medidas poderán consistir en:

- a) Suspensión temporal de actividades, permisos, autorizacións ou licenzas.
- b) Establecemento de fianzas que garantan tanto o cobro da sanción que poida recaer como a reparación ou reposición dos bens danados.
- c) Suspensión provisional dos traballos de execución de obras ou instalacións que contradigan as disposicións deste regulamento ou sexan indebidamente realizados.
- d) Requisir á persoa abonada para que, no prazo que se indique, introduza as medidas técnicas necesarias que garantan o cumprimento das prescricións deste regulamento.
- e) Ordenar á persoa abonada que, no prazo que se indique, estableza nas obras ou instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás condicións do permiso de vertedura ou ás disposicións deste regulamento.
- f) Ordenarlle á persoa abonada que, no prazo que se lle indique, proceda á reparación e reposición das obras e instalacións ao seu estado anterior e á demolición das que foran indebidamente construídas ou instaladas.

g) Impedir os usos indebidos das instalacións para as que non se obtivo permiso, ou cando non se axusten ao seu contido mediante as oportunas medidas correctoras.

h) Clausura ou precintado das instalacións de vertedura, no caso de que non sexa posible técnica ou economicamente evitar o dano mediante outras medidas correctoras.

i) Calquera outra medida de corrección, control ou seguridade que impida a extensión do dano.

Artigo 107. Valoración de danos

1. A imposición de sancións é independente da obrigaón esixible en calquera momento ao responsable da infracción da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como a indemnización polos danos e prexuízos causados ao servizo como ás súas instalacións, ou calquera outro ben do patrimonio municipal que resultase afectado. A reposición e reparación execútase pola entidade xestora dos servizos con cargo ao responsable da infracción.

2. A valoración dos danos ás instalacións que conforman a infraestrutura pública de saneamento e depuración de augas residuais calcularase de conformidade co artigo 36 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia ou normativa que a substitúa.



A valoración dos danos causados á calidade da auga do servizo de abastecemento de auga potable calcularase tendo en conta o custo das actuacións e/ou dos tratamentos que foran necesarios para evitar a contaminación e o perigo desta para o consumo humano, así como o custo das actuacións e/ou do tratamento que foran necesarios para garantir novamente a potabilidade da auga consonte coas disposicións sanitarias vixentes.

3. De conformidade co artigo 28.2 la Lei 40/2015, do 1 de outubro, a indemnización polos danos e prexuízos causados será determinada e esixida polo órgano ao que corresponda o exercicio da potestade sancionadora.

4. A esixencia de medidas reparadoras ou restauradoras do dano causado, que inclúen as posibles indemnizacións por danos e perdas, poderase facer no propio procedemento sancionador ou, se é o caso, tramitarse noutro complementario.

Disposición transitoria primeira. Adecuación de instalacións a este regulamento

Todas as obrigas técnicas que, en orde ás características das instalacións do servizo, están impostas neste regulamento para a entidade titular/xestora do servizo e/ou para as persoas abonadas ou usuarias serán de obrigado cumprimento para aquelas unidades de edificación de obra nova ou de reconstrución, rehabilitación, consolidación e gran reparación aprobadas con posterioridade á vixencia deste regulamento.

Todas as persoas usuarias titulares das actividades indicadas no artigo 97.2 deste regulamento deberán presentar no Concello, no prazo dun ano, contado dende a entrada en vigor deste regulamento, unha solicitude de permiso de vertedura co fin de se adaptar aos requirimentos e procedementos establecidos neste regulamento.

As persoas usuarias titulares das actividades indicadas no 97.2 deste regulamento que dispoñan xa dunha autorización de vertedura en vigor outorgada polo organismo de cunca ou pola administración hidráulica competente, ou dunha autorización ambiental integrada da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, unicamente deberán presentar ante a persoa xestora do servizo copia desas autorizacións e o informe técnico emitido por un organismo de control autorizado ou por unha entidade colaboradora. Con esta documentación, unha vez revisada, a entidade xestora reserva para si o dereito a solicitarlles ás persoas titulares a documentación adicional ou a adoptar as medidas necesarias para o cumprimento deste regulamento.

O resto das obrigas impostas neste regulamento á entidade xestora e/ou ás persoas abonadas son de obrigado cumprimento para ambas dende a súa entrada en vigor.

Todas aquelas persoas usuarias que gocen de servizo ou da súa dispoñibilidade á entrada en vigor do presente regulamento e carezan do perceptivo contrato, entenderase, para todos os efectos, que teñen establecido un contrato tácito coa persoa titular do servizo cuxas cláusulas son as establecidas no presente regulamento, mentres non se asine a nova póliza ou contrato de servizo.



Disposición transitoria segunda. Fugas

O réxime establecido neste regulamento, aplicable no caso de fugas accidentais, será efectivo con carácter retroactivo de 1 ano.

Disposición final primeira. Emisión de normas posteriores á presente ordenanza

A futura promulgación e entrada en vigor de normas europeas, estatais ou autonómicas con rango superior a esta ordenanza que afecten a materias reguladas nesta, determinará a aplicación daquelas en virtude do principio de xerarquía normativa, sen prexuízo da modificación, no que fora necesario, desta.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

Anexo I

Solicitud de permiso de vertido á rede pública municipal de saneamento

1) Solicitud: nome, domicilio social, dirección do establecemento, teléfono, distrito postal, localidade, NIF, caudais de vertido m³/ano e m³/día, identificación dos sistemas de saneamento ao que se pretende verter, CNAE(s) da actividade.

2) Proxecto técnico das obras:

a) Antecedentes:

i. Obxecto: obtención do permiso de vertido ou a súa revisión (neste último caso, achegarse unha copia do permiso vixente).

ii. Características da localización da actividade.

iii. Punto de conexión á rede de saneamento con coordenadas UTM.

b) Memoria descriptiva:

i. Datos de produción: actividade desenvolvida, materias primas empregadas e produtos resultantes expresados en toneladas/ano.

ii. Procesos industriais: descrición do proceso produtivo que da lugar ao vertido.

iii. Balance de augas: fontes de abastecemento, título concesional, volume abastecido e futuro e a súa distribución no proceso industrial e, no seu caso, o seu carácter estacional, volume de vertido.

iv. Características do efluente: informe analítico de cada punto de vertido.

c) Memoria técnica das instalacións de tratamento previo (se existisen ou se requirisen):

i. Sistemas e unidades de tratamento: descrición do sistema de tratamento existente, con cálculos hidráulicos do dimensionamento (volumes, cargas hidráulicas, tempos de retención) e xustificación de operacións unitarias e procesos; descrición detallada de equipamentos instalados, potencias de bombeo, materiais de construción; medidas de seguridade para evitar vertidos accidentais, instru-



mentos de control propostos, proposta de seguimento e control da calidade do efluente, produción, cantidade e destino dos residuos xerados.

ii. Planos: situación dentro do concello; situación xeral do establecemento; detalle do establecemento; planta e alzado do sistema de depuración.

iii. No caso de que as instalacións de tratamento ocupen propiedades de terceiras persoas, deberase achegar autorización expresa da persoa titular do terreo.

d) Plan de emerxencia do sistema de acordo coa lexislación sectorial aplicable.

3) A persoa solicitante do permiso de vertido deberá presentar a documentación sinalada nos puntos anteriores en formato electrónico para o seu exame por parte do persoal técnico municipal e nos soportes e aplicacións que determinen os ditos servizos técnicos”.

Contra o presente acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

A Merca, 6 de febreiro de 2026. O alcalde.

Asdo.: José Manuel Garrido Sampedro.

R. 274

